

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

CPI TINO GRANDÍO
CURSO 2020-2021

Profesor: Jesús Otero Pereiras

Contido

<u>1.- PRIMEIRO DE ESO</u>	3
<u>2.- SEGUNDO DE ESO</u>	32
<u>3.- TERCEIRO DE ESO</u>	63
<u>4.- SECCIÓN BILINGÜE DE TERCEIRO DE ESO</u>	123
<u>4.- CUARTO DE ESO</u>	129

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA 1º ESO

Contido

1.- INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

2.- CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

3.- OBXECTIVOS

4.- ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

5.- CONTIDOS E CONCRECIÓNS DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

6.- CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

7.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

8.- CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN, AVALIACIÓN E PROMOCIÓN. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS

9.- AVALIACIÓN INICIAL

10.- INDICADORES DE AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

11.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

12.- ELEMENTOS TRANSVERSAIS

13.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

14.- MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN

1.- INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

O Decreto 86/2015 do 25 de xuño que establece o currículo da ESO e do Bacharelato en Galicia, desenvolvido segundo a Lei Orgánica 8/2013 para a Mellora da Calidade Educativa, a materia de Xeografía e Historia de 1º curso de Educación Secundaria Obrigatoria ten como finalidade o coñecemento da sociedade, a súa organización e o seu funcionamento ao longo do tempo, e resulta esencial para poder entender o mundo actual. Coñecer o espazo onde se desenvolven as sociedades, os recursos naturais e o uso que se lles deu, achéganos datos sobre o pasado.

Polo tanto as disciplinas da **Xeografía e a Historia** son dous importantes eixes vertebradores para o coñecemento da sociedade, xa que contemplan a realidade humana e social desde unha perspectiva global e integradora e ofrecen unha maior capacidade para a estruturación dos feitos sociais. Malia isto, a sociedade actual, cada vez máis complexa, require da intervención doutras disciplinas como a Economía, a Socioloxía, a Ecoloxía ou a Historia da arte, que achegan análises diferentes e complementarias para a mellor comprensión da realidade social.

Así pois, esta disciplina pretende afondar e favorecer a comprensión dos acontecementos, os procesos e os fenómenos sociais no contexto en que se producen, analizar os procesos que dan lugar aos cambios históricos e seguir adquirindo as competencias necesarias para comprender a realidade do mundo en que vivimos, as experiencias colectivas pasadas e presentes, a súa orientación no futuro, así como o espazo en que se desenvolve a vida en sociedade.

O CPI Tino Grandío está situado en **Guntín de Pallares**, unha vila da comarca de Lugo cun importante patrimonio histórico, cultural e natural. O concello de Guntín, no que se sitúa, ten preto de 3.000 habitantes, e nel, ademais do referido centro, hai un Punto de Atención á Infancia. As circunstancias do concello fai que o contexto socio-cultural sexa diverso, pero a nivel xeral pódese afirmar que é medio-baixo, abundando os traballos relacionados co sector agrario.

O centro está situado preto do núcleo central da vila, aínda que debido á dispersión territorial a maioría dos alumnos chegan en transporte particular ou público. O edificio ten un tamaño pequeno, e as súas instalacións gozan de todos os servizos desexables. Ademais da Educación Secundaria Obrigatoria, no centro impártense Infantil e Primaria.

O nivel de 1º da ESO ten un único grupo con 11 alumnos.

A materia impartirase nunha aula do segundo andar, na que se dispón dun amplo equipamento, sobre todo tecnolóxico, pois é unha aula abalar e polo tanto teñen ordenadores para os alumnos, así como encerado dixital e portátil do profesor.

2.- CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

Seguindo a Recomendación 2006/962/EC, do Parlamento Europeo e do Consello, de 18 de decembro de 2006, sobre as competencias clave para a aprendizaxe permanente, esta programación fundaméntase no impulso da aprendizaxe por competencias, integradas nos elementos curriculares para propiciar unha renovación na práctica docente e no proceso de ensinanza-aprendizaxe. Así pois, expóñense novos enfoques na aprendizaxe e avaliación, que terán coma resultado un cambio nas tarefas a realizar polo alumnado e formulacións metodolóxicas innovadoras. A competencia supón unha combinación de habilidades prácticas, coñecementos, motivación, valores éticos, actitudes, emocións, e outros compoñentes sociais e de comportamento que se mobilizan conxuntamente para lograr unha acción eficaz. Contémplanse, pois, como coñecemento na práctica, un coñecemento adquirido a través da participación activa en prácticas sociais que, como tales, pódense desenvolver tanto no contexto educativo formal, a través do currículo, como nos contextos educativos non formais e informais

Adóptase a denominación das competencias clave definidas pola Unión Europea. Considérase que “as competencias clave son aquelas que todas as persoas precisan para a súa realización e desenvolvemento persoal, así como para a cidadanía activa, a inclusión social e o emprego”. Identifícanse sete competencias clave esenciais para o benestar das sociedades europeas, o crecemento económico e a innovación, e descríbense os coñecementos, as capacidades e as actitudes esenciais vinculadas a cada unha de elas.

As competencias clave do currículo son as seguintes:

Comunicación lingüística (CCL).

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).

Competencia dixital (CD).

Aprender a aprender (CAA).

Competencias sociais e cívicas (CSC).

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).

Conciencia e expresións culturais (CCEC).

Na área de Xeografía e Historia incidiremos no adestramento de todas as competencias de xeito sistemático facendo fincapé nos descritores máis afíns a ela.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

Esta área, como parte integrante das ciencias sociais, utiliza ferramentas que serven para describir, interpretar e predicir distintos fenómenos no seu contexto. Polo tanto, estas competencias desenvolveranse co uso de nocións estatísticas básicas, escalas numéricas e gráficas, operacións matemáticas sinxelas, representacións gráficas, selección de fontes de información, contraste de datos... En definitiva, o alumnado farase consciente de que os coñecementos matemáticos, científicos e tecnolóxicos teñen unha aplicabilidade real e funcional en moitos aspectos da súa propia realidade, capacitándoo para afrontar e resolver problemas da súa vida cotiá.

Os descritores que traballaremos fundamentalmente serán:

- Tomar conciencia dos cambios producidos polo ser humano no ámbito natural e as repercusións para a vida futura.
- Aplicar métodos científicos rigorosos para mellorar a comprensión da realidade circundante.
- Manexar a linguaxe matemática con precisión en calquera contexto.
- Aplicar as estratexias de resolución de problemas a calquera situación problemática.

Comunicación lingüística

A materia de Xeografía e Historia intervén no desenvolvemento da competencia lingüística en varios aspectos: en primeiro lugar, a través do coñecemento e o uso correcto do vocabulario específico da materia, para construír un discurso preciso e expresalo de xeito oral ou escrito; en segundo lugar, ao utilizar diferentes variantes do discurso, asociado aos contidos, en especial, a descrición, a narración e a argumentación; en terceiro lugar, grazas á lectura comprensiva e a interpretación de textos ou o comentario de imaxes para potenciar o uso da linguaxe icónica. Por outra parte, esta materia está intrinsecamente relacionada coa busca de información, tanto en fontes orais como escritas, e a propia construción do coñecemento a través dun proceso que vai desde a información ata as interpretacións explicativas. É importante que o correcto uso do vocabulario da materia, adquirido e precisado durante a etapa de Secundaria, se afiance e se incorpore á linguaxe habitual do alumnado.

Os descritores aos que lles daremos prioridade serán:

- Comprender o sentido dos textos escritos.
- Expresar oralmente de xeito ordenado e claro calquera tipo de información.
- Entender o contexto sociocultural da lingua, así como a súa historia para un mellor uso desta.
- Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación.

- Producir textos escritos de diversas complexidades para o seu uso en situacións cotiás ou de materias diversas.

Competencia dixital

A competencia dixital é fundamental para que o alumnado comprenda os fenómenos xeográficos, sociais e culturais e que saiba traballar coa información (obtención, selección, tratamento, análise...), procedente de moi diversas fontes, tanto tradicionais, coma audiovisuais, e dixitais, e non todas co mesmo grao de fiabilidade e obxectividade. Por iso, a información obtida debe ser analizada desde parámetros esixentes, a comparación exhaustiva e crítica das fontes. A obtención e tratamento dixital da información require, ademais, unha serie de coñecementos e habilidades que son necesarios para que o alumnado se desenvolva e sexa competente nun ámbito dixital. Do mesmo modo, preténdese que o alumnado cree contidos dixitais en distintos formatos, á vez que desenvolve unha actitude responsable respecto ás limitacións e a seguridade do uso das novas tecnoloxías da información.

Para iso, neste área, traballaremos os seguintes descritores da competencia:

- Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade.
- Elaborar información propia derivada de información obtida a través de medios tecnolóxicos.
- Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.
- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.
- Aplicar criterios éticos no uso da tecnoloxía.

Conciencia e expresións culturais

A relevancia dos feitos culturais e artísticos nos contidos desta materia é o que pon de manifesto a importancia desta competencia. O alumnado poderá coñecer e comprender as obras artísticas e culturais máis significativas na historia da humanidade. Obxectivo fundamental é que, a través da observación minuciosa da obra artística, valore e se sensibilice cara a todo o artístico e cultural. O interese, aprecio e respecto polo patrimonio cultural e artístico convértese no elemento fundamental do desenvolvemento desta competencia que permite desenvolver un espírito crítico e facilítalle ao escolar comprender a relación entre as manifestacións artísticas, os feitos históricos e as sociedades que as crean.

A área de Xeografía e Historia favorece que se poida traballar desde aí sempre e cando se adestren os seguintes descritores:

- Mostrar respecto cara ás obras máis importantes do patrimonio cultural a nivel mundial.
- Expresar sentimentos e emocións desde códigos artísticos.
- Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.
- Apreciar a beleza das expresións artísticas e no cotián.

Competencias sociais e cívicas

A competencia social e cívica é primordial para abordar a materia de Xeografía e Historia, xa que comprender a ardua e cambiante realidade social é un dos aspectos principais dos seus contidos. O coñecemento de diferentes realidades sociais ao longo do tempo fai que sexa ineludible a súa comparación coa realidade actual e favorece que o alumnado comprenda que esas realidades se van forxando ao longo do tempo, e que por iso mesmo poden cambiar, polo que debe ser tolerante coas que se producen no seu ámbito e noutros ámbitos diferentes ao seu. O alumno asimila que vive nunha sociedade cada vez máis plural, e globalizada, no que convive con culturas diferentes.

Esta competencia permite que o alumno poña en práctica os coñecementos aprendidos aplicándoos ao seu ámbito social converténdoo nun cidadán activo capaz de dar resposta aos problemas e fenómenos da súa realidade social interactuando con outras persoas e grupos favorecendo a tolerancia e o respecto a todos á vez que desenvolve o talante democrático.

Os descritores que adestraremos son os seguintes:

- Coñecer e aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola
- Identificar as implicacións que ten vivir nun Estado social e democrático de dereito referendado por unha norma chamada Constitución Española.
- Desenvolver capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos.
- Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.
- Involucrarse ou promover accións cun fin social.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

A participación activa do alumno nos procesos de toma de decisións que afecten á súa aprendizaxe, favorecen a toma de conciencia deste no que se refire ao seu protagonismo no seu proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Trátase de potenciar a súa capacidade de transformar as súas ideas en accións, actuando con criterio e determinación, tomando decisións e asumindo os riscos e consecuencias futuras desas decisións.

O alumnado deberá adestrar a capacidade de liderar con responsabilidade procesos e traballos cooperativos, actuando con responsabilidade nos seus hábitos cotiáns e o seu ámbito familiar e escolar.

Os descritores que adestraremos son:

- Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.
- Ser constante no traballo superando as dificultades.
- Xestionar o traballo do grupo coordinando tarefas e tempos.
- Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema.
- Mostrar iniciativa persoal para comezar ou promover accións novas.
- Asumir riscos no desenvolvemento das tarefas ou proxectos.

Aprender a aprender

A competencia en aprender a aprender permite que o alumnado dispoña de habilidades ou de estratexias que lle faciliten a aprendizaxe ao longo da súa vida (busca, organización e recuperación da información...) e que desenvolva a súa curiosidade por adquirir novos coñecementos, capacidades e actitudes que lle permitan desenvolverse e crecer como persoa. Neste sentido, esta materia debe fomentar no alumno o desexo de indagar no pasado, no seu ámbito e analizar e interpretar os fenómenos xeográficos, históricos e culturais para darlles respostas ás formulacións do home, á vez que desenvolve a súa capacidade de aprender a aprender de xeito autónomo e permanente. Presupón tamén que poida adaptarse crítica e reflexivamente aos cambios que poidan producirse na súa vida, é dicir, que lles aplique similares instrumentos aos que empregou na análise da realidade social (histórica e xeográfica) ao longo desta etapa de Educación Secundaria Obrigatoria.

Neste sentido, desenvolveranse os seguintes descritores:

- Xestionar os recursos e motivacións persoais a favor da aprendizaxe.
 - Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.
 - Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios.
-
- Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.

3.- OBXECTIVOS

- Analizar e identificar as formas de representación do noso planeta utilizando datos de coordenadas xeográficas.

- Describir o medio físico europeo.

- Situar no mapa de Europa as principais unidades e elementos do relevo continental.

- Coñecer, describir e situar no mapa, os grandes conxuntos bioclimáticos que conforman o espazo xeográfico europeo.

- Coñecer os principais espazos naturais de Europa.

- Manexar diferentes representacións cartográficas e as súas escalas.

- Localizar no mapamundi, as principais unidades do relevo mundial e os grandes ríos.

- Localizar no globo terráqueo, as grandes zonas climáticas e identificar as súas características.

- Analizar a acción do ser humano sobre o medio e as súas consecuencias.

- Comprender e explicar o proceso de hominización.

- Analizar os principais acontecementos da historia da humanidade, situándoos nos distintos períodos históricos.

- Datar os diferentes períodos históricos situándoos en diferentes eixes cronolóxicos.

- Coñecer os primeiros ritos relixiosos.

- Coñecer e describir as características da vida humana en cada período histórico.

- Describir a organización socioeconómica das civilizacións, despois do neolítico.

- Comprender a diacronía e sincronía de diferentes culturas.

- Recoñecer a importancia do descubrimento da escritura.

- Comprender e explicar os principais trazos das culturas grega e romana.

4.- ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

Os contidos deste curso organízanse en dous grandes bloques: por un lado os referidos ao medio físico (Xeografía) e polo outro aqueles que atenden á Historia. O alumnado deberá adquirir uns coñecementos e destrezas básicas que lle permitan adquirir unha cultura social; os alumnos e alumnas deben identificarse como axentes activos e recoñecer que das súas actuacións e

coñecementos dependerá o desenvolvemento do seu ámbito. Así pois podemos dividir os estándares de aprendizaxe, a nivel xeral do curso, en dous grandes bloques:

BLOQUE 1. O MEDIO FÍSICO

Interpreta como inflúen os movementos astronómicos na distribución da radiación solar e nas zonas bioclimáticas do planeta.

Analiza un mapa de fusos horarios e diferencia zonas do planeta de similares horas.

Clasifica e distingue proxeccións, e compara unha proxección de Mercator cunha de Peters.

Clasifica e distingue tipos de imaxes de satélite e mapas.

Localiza un punto xeográfico nun planisferio e distingue os hemisferios da Terra e as súas principais características.

Localiza espazos xeográficos e lugares nun mapa, utilizando datos de coordenadas xeográficas.

Sitúa nun mapa físico as principais unidades do relevo europeo e mundial.

Localiza nun mapa físico mundial os elementos e as referencias físicas principais: mares e océanos, continentes, illas e arquipélagos máis importantes, ríos e cadeas montañosas principais.

Elabora climogramas e mapas que sitúen os climas do mundo e reflectan os elementos máis importantes.

Explica as características xerais do relevo europeo.

Localiza no mapa as unidades e os elementos principais do relevo europeo.

Clasifica e localiza nun mapa os tipos de clima de Europa.

Distingue e localiza nun mapa as zonas bioclimáticas do noso continente.

Localiza nun mapa e en imaxes de satélite de Europa os principais espazos naturais.

Realiza buscas en medios impresos e dixitais referidas a problemas ambientais actuais, e localiza páxinas e recursos da web directamente relacionados con eles.

BLOQUE 2. A HISTORIA

Identifica elementos materiais, culturais ou ideolóxicos que son herdanza do pasado.

Nomea e identifica catro clases de fontes históricas.

Comprende que a historia non se pode escribir sen fontes, sexan estas restos materiais ou textuais.

Compara dous relatos a distintas escalas temporais sobre as conquistas de Alexandre.

Ordena temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos relevantes, utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade.

Entende que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos.

Utiliza o vocabulario histórico e artístico imprescindible para cada época.

Recoñece os cambios evolutivos ata chegar á especie humana.

Distingue etapas dentro da historia antiga.

Realiza diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos.

Explica a diferenza entre os dous períodos en que se divide a prehistoria e describe as características básicas da vida en cada un.

Analiza a transcendencia da revolución neolítica e o papel da muller nela.

Recoñece as funcións dos primeiros ritos relixiosos como os da "deusa nai".

Describe formas de organización socioeconómica e política, noticias ata entón, como os imperios de Mesopotamia e de Exipto.

Diferencia entre as fontes prehistóricas (restos materiais e ágrafos) e as fontes históricas (textos).

Interpreta un mapa cronolóxico-xeográfico da expansión exipcia.

Describe as principais características das etapas históricas en que se divide Exipto.

Explica como materializaban os exipcios a súa crenza na vida do alén.

Realiza un mapa conceptual cos principais deuses do panteón exipcio.

Localiza nun mapa os principais exemplos da arquitectura exipcia e da mesopotámica.

Identifica trazos da organización socio-política e económica das polis gregas a partir de fontes históricas de diferentes tipos

Describe algunhas das diferenzas entre a democracia grega e as democracias actuais.

Localiza nun mapa histórico as colonias gregas do Mediterráneo

Elabora un mapa do imperio de Alexandre.

Contrasta as accións políticas da Atenas de Pericles co imperio de Alexandre Magno.

Explica as características esenciais da arte grega e a súa evolución no tempo.

Dá exemplos representativos das áreas do saber grego, e discute por que se considera que a cultura europea parte da Grecia clásica.

Confecciona un mapa coas etapas da expansión de Roma.

Identifica diferenzas e semellanzas entre as formas de vida republicanas e as do imperio na Roma antiga.

Compara obras arquitectónicas e escultóricas de época grega e romana.

Fai un mapa da Península Ibérica onde se reflicten os cambios administrativos en época romana.

Analiza exemplos do legado romano que se conservan na actualidade.

Entende o que significou a romanización en distintos ámbitos sociais e xeográficos.

5.- CONTIDOS E CONCRECIÓNS DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

Primeiro trimestre

- Unidade 1. **A Terra no Sistema Solar** (setembro/outubro) 8 sesións
- Unidade 2. **A Terra: sistemas de representación** (outubro/novembro) 8 sesións
- Unidade 3. **O relevo terrestre** (novembro/décembro) 8 sesións
- Unidade 4. **Os ríos e mares da Terra** (décembro) 8 sesións

Segundo trimestre

- Unidade 5. **O clima: factores e elementos** (xaneiro) 9 sesións
- Unidade 6. **As paisaxes da Terra** (xaneiro/febreiro) 9 sesións
- Unidade 7. **Introdución á historia e á prehistoria** (febreiro/marzo) 9 sesións

Terceiro trimestre

- Unidade 8. **Primeiras civilizacións: Mesopotamia, Exipto e Fenicia** (marzo/abril) 8 sesións
- Unidade 9. **A civilización grega** (abril/maio) 8 sesións
- Unidade 10. **A civilización romana** (maio) 8 sesións
- Unidade 11. **A península Ibérica na Idade Antiga (xuño)** 8 sesións

>CONTIDOS MÍNIMOS. Os seguintes contidos serán os imprescindibles que o alumnado deberá adquirir ao longo do curso, e de ser o caso, formarán parte do Plan de Reforzo elaborado a partir dun enfoque competencial.

** Contidos mínimos Xeografía*

Medio físico do mundo e de Europa: relevo e hidrografía.

A Terra: a Terra no Sistema Solar.

Representación da Terra. Escala.

Sistemas de coordenadas. Latitude e lonxitude.

Trazos principais do relevo do mundo.

Clima: elementos e factores.

Diversidade climática no planeta.

Medio natural: áreas e problemas ambientais.

Unidades do relevo do espazo xeográfico europeo.

Medio natural: áreas e problemas ambientais.

Diversidade de espazos naturais europeos.

** Contidos mínimos Historia*

Fontes históricas.

Prehistoria e Idade Antiga: visión global.

Evolución das especies e a hominización.

Periodización da Prehistoria e a Idade Antiga.

Prehistoria e Idade Antiga: visión global.

Paleolítico: etapas; características das formas de vida; cazadores colectores.

Neolítico: revolución agraria e expansión das sociedades humanas; sedentarismo; artesanía e comercio; organización social.

Prehistoria galega: megalitos e petróglifos.

Idade Antiga: invención da escritura.

Idade Antiga: historia e relixión de Exipto.

Idade Antiga: arte en Mesopotamia e Exipto.

Grecia: as "polis" gregas.

Arte grega: Arquitectura, pintura e escultura.

Imperio de Alexandre Magno e os seus sucesores: helenismo.

Mundo clásico: orixe e etapas da historia de Roma.

República e imperio: organización política e expansión colonial polo Mediterráneo.

Arte romana: arquitectura, escultura e pintura.

Península Ibérica: pobos prerromanos; Hispania romana; Gallaecia. Proceso de romanización.

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	UNIDADE DIDÁCTICA
BLOQUE 1. O MEDIO FÍSICO					
b e f g	B1.1. A Terra: a Terra no Sistema Solar.	B1.1. Coñecer o Sistema Solar e establecer as relacións entre os movementos da terra e a existencia das estacións e do día e da noite, e comprender a súa importancia na distribución dos climas e da Biota.	XHB1.1.1. Interpreta como inflúen os movementos astronómicos na distribución da radiación solar e nas zonas bioclimáticas do planeta.	CAA CMCCT CD	A Terra no Sistema Solar A Terra: sistemas de representación
			XHB1.1.2. Analiza un mapa de fusos horarios e diferencia zonas do planeta de similares horas.	CAA CMCCT CD	A Terra: sistemas de representación
b e f g	B1.2. Representación da Terra. Escala e linguaxe cartográfica.	B1.2. Identificar e distinguir os sistemas de representación cartográfica, en soporte analóxico e dixital, e as súas escalas	XHB1.2.1. Clasifica e distingue proxeccións, e compara unha proxección de Mercator con unha de Peters.	CAA CMCCT CD	A Terra: sistemas de representación
b e f g	B1.3. Proxeccións e sistemas de coordenadas. Imaxes de satélite e os seus principais usos.	B1.3. Analizar e identificar o mapa, e coñecer as imaxes de satélite e os seus usos principais.	XHB1.3.1. Clasifica e distingue tipos de imaxes de satélite e mapas.	CAA CMCCT CD	A Terra: sistemas de representación
b e f g	B1.4. Localización. Latitude e lonxitude.	B1.4. Localizar espazos xeográficos e lugares nun mapa ou imaxe de satélite, utilizando datos de coordenadas xeográficas.	XHB1.4.1. Localiza un punto xeográfico nun planisferio e distingue os hemisferios da Terra e as súas principais características.	CAA CMCCT CD	A Terra: sistemas de representación

			XHB1.4.2. Localiza espazos xeográficos e lugares nun mapa, utilizando datos de coordenadas xeográficas.	CAA CMCCT CD	A Terra: sistemas de representación
b e f g h	B1.5. Trazos principais do relevo do mundo. Clima: elementos e factores. Diversidade climática no planeta.	B1.5. Localizar no mapamundi físico as principais unidades do relevo mundiais, os grandes ríos e as grandes zonas climáticas, e identificar as súas características.	XHB1.5.1. Sitúa nun mapa físico as principais unidades do relevo europeo e mundial.	CAA CMCCT CD	O relevo terrestre
b e f g h	B1.6. Medio físico do mundo e de Europa: relevo e hidrografía.	B1.6. Ter unha visión global do medio físico europeo e mundial, e das súas características xerais.	XHB1.6.1. Localiza nun mapa físico mundial os elementos e as referencias físicas principais: mares e océanos, continentes, illas e arquipélagos máis importantes, ríos e cadeas montañosas principais.	CAA CMCCT CD CCL	Os ríos e mares da Terra O relevo terrestre
			XHB1.6.2. Elabora climogramas e mapas que sitúen os climas do mundo e reflectan os elementos máis importantes.	CAA CMCCT CD CCL	O clima: factores e elementos
b e f g h m	B1.7. Medio natural europeo: principais trazos.	B1.7. Ser capaz de describir as peculiaridades do medio físico europeo.	XHB1.7.1. Explica as características xerais do relevo europeo.	CAA CMCCT CD CCL CAA	O relevo terrestre
b e f g	B1.8. Unidades do relevo do espazo xeográfico europeo.	B1.8. Situar no mapa de Europa as unidades e os elementos principais do relevo continental.	XHB1.8.1. Localiza no mapa as unidades e os elementos principais do relevo europeo.	CAA CMCCT CD	O relevo terrestre

b e f h m	B1.9. Conxuntos bioclimáticos do espazo xeográfico europeo.	B1.9. Coñecer, comparar e describir os grandes conxuntos bioclimáticos que conforman o espazo xeográfico europeo.	XHB1.9.1. Clasifica e localiza nun mapa os tipos de clima de Europa.	CAA CMCCT CD CCL	O clima: factores e elementos
			XHB1.9.2. Distingue e localiza nun mapa as zonas bioclimáticas do noso continente.	CAA CMCCT CD	O clima: factores e elementos
b e f m	B1.10. Diversidade de espazos naturais europeos.	B1.10. Coñecer os principais espazos naturais do noso continente.	XHB1.10.1. Localiza nun mapa e en imaxes de satélite de Europa os principais espazos naturais.	CAA CMCCT CD	As paisaxes da Terra A Terra: sistemas de representación
b e f g h m	B1.11. Medio natural: áreas e problemas ambientais.	B1.11. Coñecer, describir e valorar a acción do ser humano sobre o ambiente e as súas consecuencias.	B1.11.1. Realiza procuras en medios impresos e dixitais referidas a problemas ambientais actuais, e localiza páxinas e recursos da web directamente relacionados con eles.	CAA CMCCT CD CCL	As paisaxes da Terra
BLOQUE 3. A HISTORIA					
g l ñ	B3.1. Relación entre o pasado, o presente e o futuro a través da historia.	B3.1. Recoñecer que o pasado non está "morto e enterrado", senón que determina o presente e os posibles futuros e espazos, ou inflúe neles.	XHB3.1.1. Identifica elementos materiais, culturais ou ideolóxicos que son herdanza do pasado.	CSC CCEC	Introdución á historia e á prehistoria
	B3.2. Fontes históricas.	B3.2. Identificar, nomear e clasificar fontes históricas, e explicar diferenzas	XHB3.2.1. Nomea e identifica catro clases de fontes históricas.	CSC CAA	Introdución á historia e á prehistoria

g l ñ		entre interpretacións de fontes diversas.	XHB3.2.2. Comprende que a historia non se pode escribir sen fontes, sexan estas restos materiais ou textuais.	CSC CAA	Introdución á historia e á prehistoria
			XHB3.2.3. Compara dous relatos a distintas escalas temporais sobre as conquistas de Alexandre.	CSC CAA	Introdución á historia e á prehistoria
l ñ	B3.3. Cambio e continuidade.	B3.3. Explicar as características de cada tempo histórico e certos acontecementos que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia, diferenciando períodos que facilitan o seu estudo e a súa interpretación.	XHB3.3.1. Ordena temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos salientables, utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade.	CSC CMCCT	Introdución á historia e á prehistoria
f l ñ	B3.4. Tempo histórico.	B3.4. Entender que os acontecementos e os procesos ocorren ao longo do tempo e á vez no tempo (diacronía e sincronía).	XHB3.4.1. Entende que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos.	CSC CMCCT	Introdución á historia e á prehistoria
h l ñ	B3.5. Vocabulario histórico e artístico.	B3.5. Utilizar o vocabulario histórico e artístico con precisión, inseríndoo no contexto adecuado.	XHB3.5.1. Utiliza o vocabulario histórico e artístico imprescindible para cada época.	CSC CCL	Introdución á historia e á prehistoria
f l	B3.6. Evolución das especies e a hominización.	B3.6. Entender o proceso de hominización.	XHB3.6.1. Recoñece os cambios evolutivos ata chegar á especie humana.	CSC CMCCT	Introdución á historia e á prehistoria

f l	B3.7. Periodización da Prehistoria e a Idade Antiga.	B3.7. Datar a Prehistoria e a Idade Antiga, e distinguir a escala temporal de etapas como estas.	XHB3.7.1. Distingue etapas dentro da historia antiga.	CSC CMCCT	Introdución á historia e á prehistoria
f g l	B3.8. Prehistoria e Idade Antiga: visión global.	B3.8. Identificar e localizar no tempo e no espazo os procesos e os acontecementos históricos máis salientables da Prehistoria e da Idade Antiga, para adquirir unha perspectiva global da súa evolución.	XHB3.8.1. Realiza diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos.	CSC CMCCT CAA	Introdución á historia e á prehistoria
c g h l n ñ	B3.9.1. Paleolítico: etapas; características das formas de vida; cazadores colectores. B3.9.2. Neolítico: revolución agraria e expansión das sociedades humanas; sedentarismo; artesanía e comercio; organización social. B3.9.3. Prehistoria	B3.9. Coñecer as características da vida humana correspondentes aos dous períodos en que se divide a Prehistoria: Paleolítico e Neolítico.	XHB3.9.1. Explica a diferenza entre os dous períodos en que se divide a prehistoria e describe as características básicas da vida en cada un.	CSC CCL CAA	Introdución á historia e á prehistoria
			XHB3.9.2. Analiza a transcendencia da revolución neolítica e o papel da muller nela.	CSC CAA	Introdución á historia e á prehistoria

	galega: megalitos e petróglifos.				
l n	B3.10. Aparición dos ritos: restos materiais e artísticos; pintura e escultura.	B3.10. Identificar os primeiros ritos relixiosos.	XHB3.10.1. Recoñece as funcións dos primeiros ritos relixiosos como os da "deusa nai".	CSC CCEC	Introdución á historia e á prehistoria
a c d g h l	B3.11. Idade Antiga: primeiras civilizacións urbanas. Mesopotamia e Exipto. Sociedade, economía e política.	B3.11. Coñecer algunhas características da vida humana neste período, así como o establecemento e a difusión de diferentes culturas urbanas, despois do neolítico.	XHB3.11.1. Describe formas de organización socio-económica e política, novas ata entón, como os imperios de Mesopotamia e de Exipto.	CSC CAA CCL	Primeiras civilizacións: Mesopotamia, Exipto e Fenicia
g h l	B3.12. Idade Antiga: invención da escritura.	B3.12. Recoñecer a importancia da descuberta da escritura.	XHB3.12.1. Diferencia entre as fontes prehistóricas (restos materiais e ágrafos) e as fontes históricas (textos).	CSC CAA	Primeiras civilizacións: Mesopotamia, Exipto e Fenicia
f g h l	B3.13. Idade Antiga: historia de Exipto.	B3.13. Explicar as etapas en que se divide a historia de Exipto.	XHB3.13.1. Interpreta un mapa cronolóxico-xeográfico da expansión exipcia. XHB3.13.2. Describe as principais características das etapas históricas en que se divide Exipto.	CSC CMCCT CAA CSC CCL	Primeiras civilizacións: Mesopotamia, Exipto e Fenicia Primeiras civilizacións: Mesopotamia, Exipto e Fenicia
g h l	B3.14. Idade Antiga: relixión exipcia.	B3.14. Identificar as principais características da relixión exipcia.	XHB3.14.1. Explica como materializaban os exipcios a súa crenza na vida do alén. XHB3.14.2. Realiza un mapa conceptual cos principais deuses do panteón exipcio.	CSC CCEC CCL CSC CCEC CAA	Primeiras civilizacións: Mesopotamia, Exipto e Fenicia Primeiras civilizacións: Mesopotamia, Exipto e Fenicia

g h l	B3.15. Idade Antiga: arte en Mesopotamia e Exipto.	B3.15. Localizar e describir algúns exemplos arquitectónicos de Exipto e de Mesopotamia.	XHB3.15.1. Localiza nun mapa os principais exemplos da arquitectura exipcia e da mesopotámica.	CSC CCEC CAA	Primeiras civilizacións: Mesopotamia, Exipto e Fenicia
a c d g h l	B3.16. Mundo clásico. Grecia: as "polis" gregas e a súa expansión.	B3.16. Coñecer os trazos principais das polis gregas e a transcendencia do concepto de democracia.	XHB3.16.1. Identifica trazos da organización socio-política e económica das polis gregas a partir de fontes históricas de diferentes tipos.	CSC CAA	A civilización grega
			XHB3.16.2. Describe algunhas das diferenzas entre a democracia grega e as democracias actuais.	CSC CCL CAA	A civilización grega
g l	B3.17. Mundo clásico. Grecia: expansión comercial e política das polis gregas.	B3.17. Entender a transcendencia do concepto de colonización.	XHB3.17.1. Localiza nun mapa histórico as colonias gregas do Mediterráneo.	CSC CAA	A civilización grega
a c d g l	B3.18. Mundo clásico. Imperio de Alexandre Magno e os seus sucesores: helenismo.	B3.18. Distinguir entre o sistema político grego e o helenístico.	XHB3.18.1. Elabora un mapa do imperio de Alexandre.	CSC CAA	A civilización grega
			XHB3.18.2. Contrasta as accións políticas da Atenas de Pericles co imperio de Alexandre Magno.	CSC CAA	A civilización grega
f g h l n	B3.19. Mundo clásico. Grecia e o helenismo: arte, ciencia, teatro e filosofía.	B3.19. Entender o alcance do clásico na arte e na cultura occidentais.	XHB3.19.1. Explica as características esenciais da arte grega e a súa evolución no tempo.	CSC CCEC CCL	A civilización grega
			XHB3.19.2. Dá exemplos representativos das áreas do saber grego, e discute por que se considera que a cultura europea parte da Grecia clásica.	CSC CCEC CMCCT CAA CCL	A civilización grega
a c	B3.20. Mundo clásico: orixe e	B3.20. Caracterizar os trazos principais da sociedade, a economía e	XHB3.20.1. Confecciona un mapa coas etapas da expansión de Roma.	CSC CAA	A civilización romana

d g l	etapas da historia de Roma. República e imperio: organización política e expansión colonial polo Mediterráneo. Cristianismo.	a cultura romanas, e recoñecer os conceptos de cambio e continuidade na historia da Roma antiga.	XHB3.20.2. Identifica diferenzas e semellanzas entre as formas de vida republicanas e as do imperio na Roma antiga.	CSC CAA	A civilización romana
g l n ñ	B3.21. Mundo clásico. Arte romana: arquitectura, escultura e pintura.	B3.21. Identificar e describir os trazos característicos de obras da arte grega e romana, diferenciando entre os que son específicos.	XHB3.21.1. Compara obras arquitectónicas e escultóricas de época grega e romana.	CSC CCEC CAA	A civilización romana A civilización grega
g l n ñ	B3.22. Península Ibérica: pobos prerromanos; Hispania romana; Gallaecia. Proceso de romanización. A cidade e o campo.	B3.22. Establecer conexións entre o pasado da Hispania romana e o presente.	XHB3.22.1. Fai un mapa da Península Ibérica onde se reflicten os cambios administrativos en época romana.	CSC CAA	A civilización romana A península Ibérica na Idade Antiga
			XHB3.22.2. Analiza exemplos do legado romano que sobreviven na actualidade.	CSC CCEC CAA	A civilización romana A península Ibérica na Idade Antiga
			XHB3.22.3. Entende o que significou a romanización en distintos ámbitos sociais e xeográficos.	CSC CCEC	A civilización romana A península Ibérica na Idade Antiga

6.- CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

Traballar de xeito competencial na aula supón un cambio metodolóxico importante; o docente pasa a ser un xestor de coñecemento do alumnado e o alumno ou a alumna adquire un maior grao de protagonismo.

En concreto, na área de Xeografía e Historia:

Necesitamos adestrar de xeito sistemático os procedementos que conforman a estrutura da materia. Se ben a finalidade da área é adquirir coñecementos esenciais que se inclúen no currículo básico. O alumnado deberá desenvolver actitudes conducentes á reflexión e análise sobre os grandes feitos históricos, as súas vantaxes e as implicacións éticas que en ocasións consideran. Para iso necesitamos certo grao de **adestramento individual e traballo reflexivo** de procedementos básicos da materia: a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a argumentación en público e a comunicación audiovisual.

Nalgúns aspectos da área, o **traballo en grupo colaborador** achega, ademais do adestramento de habilidades sociais básicas e enriquecemento persoal desde a diversidade, unha ferramenta perfecta para discutir e afondar en contidos dese aspecto.

Por outro lado, cada alumno parte dunhas potencialidades que definen as súas intelixencias predominantes, enriquecer as tarefas con actividades que se desenvolvan desde a **teoría das intelixencias múltiples** facilita que todos os escolares poidan chegar a comprender os contidos que pretendemos adquirir para o desenvolvemento dos obxectivos de aprendizaxe.

Na área de Xeografía e Historia é indispensable a **vinculación a contextos reais**, así como xerar posibilidades de aplicación dos contidos adquiridos. Para iso, as tarefas competenciais facilitan este aspecto, que se podería complementar con proxectos de aplicación dos contidos.

7.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Para a materia de Xeografía e Historia contarase con:

- O libro de aula *edixgal* elixido polo departamento: Xeografía e Historia, Aula Planeta.
- Aula Virtual do centro.
- Un caderno de tarefas en tamaño A4 de folla cuadriculada.
- A maiores o docente poderá entregar recursos fotocopiados, ou usar algúns de orixe dixital, sempre como complemento do libro de texto.

8.- CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN, AVALIACIÓN E PROMOCIÓN. PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS

Crterios de cualificación

A cualificación da materia obtense segundo a seguinte fórmula:

$$\text{CUALIFICACIÓN} = (\text{Probos escritas} \times 0,8) + (\text{Actividades} \times 0,1) + (\text{Actitude} \times 0,1)$$

As cualificacións aparecerán nunha escala numérica sen decimais do 1 ó 10, sendo o número enteiro o número da cualificación (isto é, entre 5,00 e 5,99 a cualificación é de 5). No caso de realizarse mais dunha proba por avaliación farase a media ponderada. No caso de que un alumno ou alumna non acade unha avaliación positiva na avaliación ordinaria e teña que ser examinado na extraordinaria, será cualificado por unha proba escrita que conformará o 100% da súa cualificación final.

Dentro das **actividades** terase en conta o seguinte:

– A cualificación das actividades é a media ponderada de todas as actividades realizadas durante o trimestre.

– A non realización dunha actividade, tanto na aula como no caderno, pódese reflexar na ficha de aula como un negativo.

–Ao final do trimestre revisaranse os cadernos e a participación na Aula Virtual.

Dentro da **actitude** terase en conta o seguinte:

– O respecto ás normas da clase, o cumprimento do Protocolo COVID-19 e a curiosidade e interese pola materia.

Instrumentos de avaliación e criterios de corrección e puntuación

Un **instrumento de avaliación** é todo o que vale para avaliar ó alumnado. Para avaliar a materia poderán utilizarse os seguintes instrumentos, que dividiremos en tarefas e exames:

TAREFAS

- Actividades realizadas polo alumnado durante a actividade diaria e recollidas no caderno de clase ou portfolio dixital.
- Traballos de investigación e confección de catálogos ou fichas, individuais ou en grupo. Terase en conta a calidade dos proxectos, a variedade das fontes, o rigor científico, a entrega no prazo indicado, a capacidade de análise e síntese e a capacidade crítica.

* Dada a experiencia durante o terceiro trimestre do curso 2019/2020, en canto aos traballos feitos en grupo ou individualmente, ou o traballo na aula (ou casa), toda produción ou traballo entregado polo alumnado que presente indicios de ser copiado ou de elaboración non propia levará unha cualificación de cero (0).

EXAMES

- Preguntas curtas e de tipo tema.
- Cuestionarios orais e escritos de mapas físicos e políticos (Galicia, España e os continentes). Terase en conta a capacidade discursiva, o rigor científico e a linguaxe empregada
- Comentarios e preguntas sobre gráficos, mapas e imaxes das obras de arte máis características de cada período.

Os criterios de corrección e puntuación é o modo no que se corríxen ditos instrumentos. Tendo en conta que o criterio de corrección é “como corríxo” e que os criterios de puntuación son “como puntuo” (canto vale cada pregunta nunha proba, que aparecerá indicado na mesma e para que o disporán dos 50 minutos de clase), o departamento de Xeografía e Historia considera imprescindible á hora de cualificar unha proba a elaboración dun indicador de logro ou rúbrica para cada un dos estándares de aprendizaxe. Con este referente pódese avaliar a corrección na contestación, o axuste ao enunciado, sen divagacións. Valorarase segundo a rúbrica ou grupo de rúbricas todos os instrumentos de avaliación. Ademais descontarase 0,25 por cada cinco faltas de ortografía.

Os intentos de engano, fraude ou copia na realización dunha proba implican que o alumno ou alumna acade a nota mínima na mesma.

Os elementos restantes (criterios e estándares) son prescriptivos.

Promoción, recuperación e avaliación continua

A LOMCE recórdanos que a avaliación na ESO debe ser continua e diferenciada por materias. Tendo en conta isto establécese o seguinte:

Se un alumno ou alumna non acada unha cualificación positiva nunha avaliación poderá presentarse a unha **recuperación** ao final do derradeiro trimestre. Ao final do curso, en xuño, haberá unha recuperación final na que os que teñan algunha avaliación suspensa poderán examinarse dela. O alumno ou alumna debe acadar polo menos un 5 para superala.

A cualificación final será a media das tres avaliacións sempre e cando sexa igual ou superior á acadada no terceiro trimestre.

Considérase que **promocionará** ao seguinte curso na materia de Xeografía e Historia o alumnado que acade unha cualificación mínima de 5 puntos ao facer media das tres avaliacións. Para calcular esta media é requisito imprescindible ter aprobadas as tres avaliacións antes da avaliación final de xuño. Así mesmo, promocionarán todos aqueles que en setembro consigan unha nota mínima de 5 puntos na convocatoria extraordinaria, atendendo aos criterios específicos que se detallan a continuación.

Aquel alumnado que suspenda a materia na convocatoria de xuño terá que presentarse á proba extraordinaria de **setembro** e será cualificado por unha proba escrita que conformará **o 80% da súa cualificación global** tendo que presentar o caderno de actividades propostas no Plan Estival como medida de reforzo e recuperación. Este caderno será valorado con ata **o 20% da cualificación global**.

Finalmente, cómpre sinalar que os procedementos indicados poderán ser realizados, tanto de maneira presencial como virtual, dependendo dos distintos escenarios que establezan as autoridades sanitarias e educativas (presencial, semipresencial e/ou non presencial).

9.- AVALIACIÓN INICIAL

Realizarase unha proba de coñecementos previos nas primeiras semanas de clase, co obxectivo de dar luz sobre o nivel dos alumnos, e desta maneira poder descubrir casos que precisen dunha mellor atención. Así como coñecer o nivel medio, para establecer estratexias educativas adaptadas a cada grupo; por iso a proba debe ser persoal e individual pero non cualificable na nota das avaliacións, os resultados son unicamente orientativos, e influirán nos métodos aplicables na docencia a nivel xeral, na selección de alumnos para actividades de reforzo ou apoio, e para identificar casos nos que fose necesario elaborar unha adaptación curricular.

Ademais levaremos a cabo as seguintes accións: a) Análise dos informes de avaliación individualizados do curso anterior. b) Detección das aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso 2019/2020, así como a súa correspondencia coa falta do desenvolvemento das correspondentes competencias clave.

Neste período inicial, mediante observación directa nas clases, tamén se recollerá información das peculiaridades da forma de aprender de cada alumno/a (habilidades, estratexias e destrezas desenvolvidas, é dicir, manexo de procedementos) así como información sobre o grao de integración social do alumno/a (consigo mesmo, cos compañeiros e compañeiras e co

profesorado). A partir da avaliación inicial, e sempre que se considerase necesario, faranse axustes curriculares no desenvolvemento da materia, de maneira que o alumnado recupere as aprendizaxes imprescindibles non adquiridos no curso 2019/2020, e se garanta a consolidación, adquisición, reforzo ou apoio das mesmas.

10.- INDICADORES DE AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

A resposta das seguintes **preguntas servirá para reflexionar sobre a miña actuación cos alumnos.**

Aspectos do proceso de ensino e da práctica docente a valorar		1	2	3	4	5
Os alumnos traballan da seguinte maneira	De forma individual					
	Por parellas					
	En pequeno grupo					
	En gran grupo					
Os exercicios que propoño son do seguinte tipo	Cerrados e ríxidos (do libro)					
	Abertos, procedimentais, proxectos					
	Facilitan o traballo cooperativo					
Na metodoloxía que aplico	Utilizo ferramentas TIC					
	Facilito o aprendizaxe autónomo					
	Baséome nas explicacións teóricas do libro					
Como paso as horas lectivas?	Pedindo silencio					
	Impartindo teoría e explicacións					
	Guiando ós alumnos no seu traballo					
	Observando					
	Correxindo					
Grao de motivación do alumnado						
Grao de participación das familias						

Indicadores de logro para avaliar a programación didáctica.

A resposta das seguintes preguntas servirá para reflexionar sobre a funcionalidade desta programación:

Aspectos da programación a valorar	1	2	3	4	5
Adecuación dos materiais utilizados					
Adecuación da planificación					
Medidas de atención á diversidade					
Uso das TIC					
Inclusión de temas transversais					
Actividades de carácter interdisciplinar					

11.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Tras a avaliación inicial, e os primeiros días ou semanas, e cos informes existentes, a axuda da orientadora e dos diferentes profesores do nivel, iranse detectando os alumnos que precisen medidas especiais como agrupamento, reforzo, apoio, adaptación curricular, ou simplemente unha atención máis persoal e individualizada.

12.- ELEMENTOS TRANSVERSAIS

En cada unha das unidades didácticas descritas nesta programación foise facendo referencia ao tratamento concreto dunha serie de aspectos transversais. Polo tanto agora non queda máis que facer un resume global, e en conxunto, deses temas respecto da globalidade da materia. Xa que logo estes son os temas transversais e a súa presenza e tratamento na programación de Xeografía e Historia de 1º ESO.

COMPRESIÓN LECTORA:

Fundamentalmente proporase en cada unidade didáctica a lectura dun texto relacionado cos contidos a traballar. Asemade nalgúns casos pedirase a elaboración de redaccións sobre algún dos aspectos tratados no tema.

A lectura dos textos será individual, pero tamén en grupo. Ao remate da mesma proporase a realización de debates coa finalidade de avaliar a comprensión do texto.

EXPRESIÓN ORAL E ESCRITA:

En relación co aspecto anterior e complementándoo, propórase a redacción de textos e a exposición oral de traballos sobre eses textos ou outros distintos. En todo caso cada un deles relacionado coa materia explicada.

COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL:

Xunto coas novas tecnoloxías e un aspecto moi importante no traballo na clase. Aproveitando os fondos audiovisuais cos que conta o centro, máis aqueles outros aos que se pode acceder por internet, as explicacións do libro de texto e do material escrito co que se traballa, complementarase co visionado de películas, documentais e/ou reportaxes sobre os temas obxecto de estudo.

TRATAMENTO DAS TIC:

Van ser un aspecto moi importante desde o punto de vista metodolóxico (curso edixgal) porque supoñen unha ferramenta moi importante, non só para a procura de información ou para a adquisición de materiais audiovisuais existente na Rede, senón tamén para a elaboración de traballos, presentación, gráficas mediante o uso das novas tecnoloxías. Así permitirase ao alumnado o coñecemento de programas informáticos útiles para traballar cos materiais de xeografía e historia.

EMPRENDEMENTO:

Con este tema transversal o que se busca é conseguir que o alumnado se mostre interesado por aquelas actividades que poñan de manifesto a súa capacidade creativa e innovadora á hora de levar a cabo proxectos emprendedores en relación non só coa xeografía senón tamén coa historia.

EDUCACIÓN CÍVICA E CONSTITUCIONAL:

O estudo da xeografía e da historia permite achegarse ao coñecemento doutras culturas distintas, xa no tempo, xa no espazo, polo que o alumnado aprende normas cívicas, de comportamento e sobre todo o respecto pola cultura diferente da propia e polos dereitos dos demais. Así pois é un valor importante a transmitir a través do coñecemento xeográfico e histórico, que en ningún caso pode quedar de lado.

13.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Debido á situación actual non está prevista ningunha actividade extraescolar, en cambio si que poderemos aproveitar algunha actividade complementaria que se organice no centro e que teña relación cos contidos desta materia.

14.- MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN

O seguimento, avaliación e, se é o caso, modificación desta programación, farase nas reunións do departamento. Principalmente nas que se celebren a comezos de trimestre, nelas, ademais de valorar os resultados académicos do alumnado, observarase o cumprimento dos contidos e demais aspectos programados, para que, de ser preciso, proceder ás modificacións requiridas.

Polo tanto, a revisión da programación didáctica é un proceso de seguimento continuo, coa finalidade de permitir calquera modificación sen ter que esperar ao final do curso. Está claro que calquera modificación será comunicada ao alumnado para que teñan coñecemento dela. Con todo, ao remate do curso o departamento fará unha avaliación final da programación que pasará a estar recollida na memoria final.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA 2º ESO

Contido

1.- INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

2.- CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

3.- OBXECTIVOS

4.- ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

5.- UUUUUU.DDDDDDDDDD

6.- CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

7.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

8.- CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN, AVALIACIÓN E PROMOCIÓN. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS

9.- AVALIACIÓN INICIAL

10.- INDICADORES DE AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

11.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

12.- ELEMENTOS TRANSVERSAIS

13.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

14.- MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN

1.- INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

O Decreto 86/2015 do 25 de xuño que establece o currículo da ESO e do Bacharelato en Galicia, desenvolvido segundo a Lei Orgánica 8/2013 para a Mellora da Calidade Educativa, a materia de Xeografía e Historia de 1º curso de Educación Secundaria Obrigatoria ten como finalidade o coñecemento da sociedade, a súa organización e o seu funcionamento ao longo do tempo, e resulta esencial para poder entender o mundo actual. Coñecer o espazo onde se desenvolven as sociedades, os recursos naturais e o uso que se lles deu, achéganos datos sobre o pasado.

Polo tanto as disciplinas da Xeografía e a Historia son dous importantes eixes vertebradores para o coñecemento da sociedade, xa que contemplan a realidade humana e social desde unha perspectiva global e integradora e ofrecen unha maior capacidade para a estruturación dos feitos sociais.

Esta disciplina, pretende afondar e favorecer a comprensión dos acontecementos, os procesos e os fenómenos sociais no contexto en que se producen, analizar os procesos que dan lugar aos cambios históricos e seguir adquirindo as competencias necesarias para comprender a realidade do mundo en que viven, as experiencias colectivas pasadas e presentes, a súa orientación no futuro, así como o espazo en que se desenvolve a vida en sociedade.

No contexto espacial e socioeconómico no que vive o alumnado do CPI Tino Grandío é moi importante para a súa formación como persoas entender tódolos procesos que se dan ao redor dos distintos sectores produtivos, xa que aquí son importantes tanto o sector primario (a agricultura e gandería), o secundario (as industrias agrarias) e o terciario (o sector servizos ao redor desta última); pero tamén o coñecemento da realidade histórica, posto que Guntín e a comarca de Lugo desempeñaron un papel importante na cultura galega desde tempos prehistóricos (restos megalíticos) ata a actualidade.

O nivel de 2º da ESO ten un único grupo con 13 alumnos.

A materia impartirase nunha aula do segundo andar, na que se dispón dun amplo equipamento, sobre todo tecnolóxico, pois é unha aula abalar e polo tanto teñen ordenadores para os alumnos, así como encerado dixital e portátil do profesor.

2.- CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

En liña coa Recomendación 2006/962/EC, do Parlamento Europeo e do Consello, de 18 de decembro de 2006, sobre as competencias clave para a aprendizaxe permanente, esta programación baséase na potenciación da aprendizaxe por competencias, integradas nos elementos curriculares para propiciar unha renovación na práctica docente e no proceso de ensino e aprendizaxe. Propóñense novos enfoques na aprendizaxe e avaliación, que supoñerán un importante cambio nas tarefas que han de resolver os alumnos e formulacións metodolóxicas innovadoras. A competencia supón unha combinación de habilidades prácticas, coñecementos, motivación, valores éticos, actitudes, emocións, e outros compoñentes sociais e de comportamento que se mobilizan conxuntamente para lograr unha acción eficaz. Contéplanse, pois, como coñecemento na práctica, un coñecemento adquirido a través da participación activa en prácticas sociais que, como tales, pódense desenvolver tanto no contexto educativo formal, a través do currículo, como nos contextos educativos non formais e informais.

Adóptase a denominación das competencias clave definidas pola Unión Europea. Considérase que “as competencias clave son aquelas que todas as persoas precisan para a súa realización e desenvolvemento persoal, así como para a cidadanía activa, a inclusión social e o emprego”. Identifícanse sete competencias clave esenciais para o benestar das sociedades europeas, o crecemento económico e a innovación, e descríbense os coñecementos, as capacidades e as actitudes esenciais vinculadas a cada unha de elas.

As competencias clave do currículo son as seguintes:

Comunicación lingüística (CCL).

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).

Competencia dixital (CD).

Aprender a aprender (CAA).

Competencias sociais e cívicas (CSC).

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).

Conciencia e expresións culturais (CCEC).

Na área de Xeografía e Historia incidiremos no adestramento de todas as competencias de xeito sistemático facendo fincapé nos descritores máis afíns a ela.

Comunicación lingüística

A materia de Xeografía e Historia intervén no desenvolvemento da competencia lingüística en varios aspectos: en primeiro lugar, a través do coñecemento e o uso correcto do vocabulario específico da materia, para construír un discurso preciso e expresalo de xeito oral ou escrito; en segundo lugar, ao utilizar diferentes variantes do discurso, asociado aos contidos, en especial, a descrición, a narración e a argumentación; en terceiro lugar, grazas á lectura comprensiva e a interpretación de textos ou o comentario de imaxes para potenciar o uso da linguaxe icónica. Por outra parte, esta materia está intrinsecamente relacionada coa busca de información, tanto en fontes orais como escritas, e a propia construción do coñecemento a través dun proceso que vai desde a información ata as interpretacións explicativas. É importante que o correcto uso do vocabulario da materia, adquirido e precisado durante a etapa de Secundaria, se afiance e se incorpore á linguaxe habitual do alumnado.

Os descritores aos que lles daremos prioridade serán:

- Comprender o sentido dos textos escritos.
- Expresar oralmente de xeito ordenado e claro calquera tipo de información.
- Entender o contexto sociocultural da lingua, así como a súa historia para un mellor uso desta.
- Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación.
- Producir textos escritos de diversas complexidades para o seu uso en situacións cotiás ou de materias diversas.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

Esta área, como parte integrante das ciencias sociais, utiliza ferramentas que serven para describir, interpretar e predicir distintos fenómenos no seu contexto. Polo tanto, estas

competencias desenvolveranse co uso de nocións estatísticas básicas, escalas numéricas e gráficas, operacións matemáticas sinxelas, representacións gráficas, selección de fontes de información, contraste de datos... En definitiva, o alumnado farase consciente de que os coñecementos matemáticos, científicos e tecnolóxicos teñen unha aplicabilidade real e funcional en moitos aspectos da súa propia realidade, capacitándoo para afrontar e resolver problemas da súa vida cotiá.

Os descritores que traballaremos fundamentalmente serán:

- Tomar conciencia dos cambios producidos polo ser humano no ámbito natural e as repercusións para a vida futura.
- Aplicar métodos científicos rigorosos para mellorar a comprensión da realidade circundante.
- Manexar a linguaxe matemática con precisión en calquera contexto.
- Aplicar as estratexias de resolución de problemas a calquera situación problemática.

Competencia dixital

A competencia dixital é fundamental para que o alumnado comprenda os fenómenos xeográficos, sociais e culturais e que saiba traballar coa información (obtención, selección, tratamento, análise...), procedente de moi diversas fontes, tanto tradicionais, coma audiovisuais, e dixitais, e non todas co mesmo grao de fiabilidade e obxectividade. Por iso, a información obtida debe ser analizada desde parámetros esixentes, a comparación exhaustiva e crítica das fontes. A obtención e tratamento dixital da información require, ademais, unha serie de coñecementos e habilidades que son necesarios para que o alumnado se desenvolva e sexa competente nun ámbito dixital. Do mesmo modo, preténdese que o alumnado cree contidos dixitais en distintos formatos, á vez que desenvolve unha actitude responsable respecto ás limitacións e a seguridade do uso das novas tecnoloxías da información.

Para iso, neste área, traballaremos os seguintes descritores da competencia:

- Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade.
- Elaborar información propia derivada de información obtida a través de medios tecnolóxicos.
- Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.

- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.
- Aplicar criterios éticos no uso da tecnoloxía.

Aprender a aprender

A competencia en aprender a aprender permite que o alumnado dispoña de habilidades ou de estratexias que lle faciliten a aprendizaxe ao longo da súa vida (busca, organización e recuperación da información...) e que desenvolva a súa curiosidade por adquirir novos coñecementos, capacidades e actitudes que lle permitan desenvolverse e crecer como persoa. Neste sentido, esta materia debe fomentar no alumno o desexo de indagar no pasado, no seu ámbito e analizar e interpretar os fenómenos xeográficos, históricos e culturais para darlles respostas ás formulacións do home, á vez que desenvolve a súa capacidade de aprender a aprender de xeito autónomo e permanente. Presupón tamén que poida adaptarse crítica e reflexivamente aos cambios que poidan producirse na súa vida, é dicir, que lles aplique similares instrumentos aos que empregou na análise da realidade social (histórica e xeográfica) ao longo desta etapa de Educación Secundaria Obrigatoria.

Neste sentido, desenvolveranse os seguintes descritores:

- Xestionar os recursos e motivacións persoais a favor da aprendizaxe.
- Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.
- Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios.
- Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.

Competencias sociais e cívicas

A competencia social e cívica é primordial para abordar a materia de Xeografía e Historia, xa que comprender a ardua e cambiante realidade social é un dos aspectos principais dos seus contidos. O coñecemento de diferentes realidades sociais ao longo do tempo fai que sexa ineludible a súa comparación coa realidade actual e favorece que o alumnado comprenda que esas realidades se van forxando ao longo do tempo, e que por iso mesmo poden cambiar, polo que debe ser tolerante coas que se producen no seu ámbito e noutros ámbitos diferentes ao seu. O alumno asimila que vive nunha sociedade cada vez máis plural, e globalizada, no que convive con culturas diferentes.

Esta competencia permite que o alumno poña en práctica os coñecementos aprendidos aplicándoos ao seu ámbito social converténdoo nun cidadán activo capaz de dar resposta aos problemas e fenómenos da súa realidade social interactuando con outras persoas e grupos favorecendo a tolerancia e o respecto a todos á vez que desenvolve o talante democrático.

Os descritores que adestraremos son os seguintes:

- Coñecer e aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola
- Identificar as implicacións que ten vivir nun Estado social e democrático de dereito referendado por unha norma chamada Constitución Española.
- Desenvolver capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos.
- Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.
- Involucrarse ou promover accións cun fin social.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

A participación activa do alumno nos procesos de toma de decisións que afecten á súa aprendizaxe, favorecen a toma de conciencia deste no que se refire ao seu protagonismo no seu proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Trátase de potenciar a súa capacidade de transformar as súas ideas en accións, actuando con criterio e determinación, tomando decisións e asumindo os riscos e consecuencias futuras desas decisións.

O alumnado deberá adestrar a capacidade de liderar con responsabilidade procesos e traballos cooperativos, actuando con responsabilidade nos seus hábitos cotiáns e o seu ámbito familiar e escolar.

Os descritores que adestraremos son:

- Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.
- Ser constante no traballo superando as dificultades.
- Xestionar o traballo do grupo coordinando tarefas e tempos.

- Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema.
- Mostrar iniciativa persoal para comezar ou promover accións novas.
- Asumir riscos no desenvolvemento das tarefas ou proxectos.

Conciencia e expresións culturais

A relevancia dos feitos culturais e artísticos nos contidos desta materia é o que pon de manifesto a importancia desta competencia. O alumnado poderá coñecer e comprender as obras artísticas e culturais máis significativas na historia da humanidade. Obxectivo fundamental é que, a través da observación minuciosa da obra artística, valore e se sensibilice cara a todo o artístico e cultural. O interese, aprecio e respecto polo patrimonio cultural e artístico convértese no elemento fundamental do desenvolvemento desta competencia que permite desenvolver un espírito crítico e facilítalle ao escolar comprender a relación entre as manifestacións artísticas, os feitos históricos e as sociedades que as crean.

A área de Xeografía e Historia favorece que se poida traballar desde aí sempre e cando se adestren os seguintes descritores:

- Mostrar respecto cara ás obras máis importantes do patrimonio cultural a nivel mundial.
- Expresar sentimentos e emocións desde códigos artísticos.
- Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.
- Apreciar a beleza das expresións artísticas e no cotián.

3.- OBXECTIVOS

- Debuxar a situación económica, social e política dos reinos xermánicos.
- Analizar as características da Alta Idade Media en Europa.
- Identificar a problemática da falta de fontes históricas para a análise da Alta Idade Media.
- Analizar as consecuencias da organización feudal.
- Afondar nos aspectos socio-económicos, políticos e culturais no contexto da evolución dos reinos cristiáns e musulmáns..
- Analizar o proceso de conquistas e a repoboación dos reinos cristiáns na Península.
- Establecer relacións entre os procesos de conquistas e repoboación dos reinos cristiáns e al-Ándalus.
- Apreciar o valor da arte na Idade Media e as súas diferentes funcións.
- Comprender os efectos da crise da Baixa Idade Media na análise das consecuencias económicas e sociais que derivan dela.
- Describir as características concretas do medio físico de España e de Galicia.

- Localizar no mapa de España e de Galicia as principais unidades e elementos do relevo.
- Coñecer, describir e situar no mapa, os grandes conxuntos bioclimáticos que conforman o espazo xeográfico español e galego.
- Coñecer os riscos naturais e problemas medioambientais de España, e os principais espazos naturais protexidos de España e de Galicia.
- Afondar na análise da poboación, movementos migratorios, características e evolución.
- Reflexionar sobre a distribución da poboación europea, a súa evolución, dinámica, migracións ou políticas de poboación.
- Identificar como se organiza o territorio español e galego.
- Analizar as grandes zonas urbanas, a densidade da poboación e as migracións no comentario de mapas do mundo.
- Coñecer as características das cidades españolas e galegas, e a distribución urbana no espazo.
- Identificar os proles e as contras do proceso de urbanización en Europa.
- Coñecer os países do mundo e as súas capitais.

4.- ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

Os contidos deste curso organízanse en tres grandes bloques: a Historia, o espazo humano (xeografía) e o medio físico de España e de Galicia. O alumnado deberá adquirir uns coñecementos e destrezas básicas que lle permitan adquirir unha cultura social; os alumnos e alumnas deben identificarse como axentes activos e recoñecer que das súas actuacións e coñecementos dependerá o desenvolvemento do seu ámbito. Así pois podemos dividir os estándares de aprendizaxe, a nivel xeral do curso, en 3 grandes bloques:

1) A HISTORIA

Identifica elementos materiais, culturais ou ideolóxicos que son herdanza do pasado.

Nomea e identifica catro clases de fontes históricas.

Comprende que a historia non se pode escribir sen fontes, xa sexan estas restos materiais ou textuais.

Ordena temporalmente algúns feitos históricos e outros relevantes, utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade.

Realiza diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos.

Entende que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves

xeográficos.

Utiliza o vocabulario histórico e artístico imprescindible para cada época.

Describe a nova situación económica, social e política dos reinos xermánicos.

Analiza as características da Alta Idade Media en Europa.

Analiza as consecuencias da organización feudal.

Comprende as orixes do Islam e o seu alcance posterior.

Analiza a evolución dos reinos cristiáns e musulmáns nos seus aspectos socioeconómicos, políticos e culturais.

Establece relacións entre os procesos de conquistas e repoboación dos reinos cristiáns e al-Ándalus.

Comprende a importancia do Camiño de Santiago.

Entende o concepto de crise e as súas consecuencias económicas e sociais.

Comprende as características e as funcións da arte na Idade Media.

Describe as características do medio físico de España e de Galicia.

Recoñece no mapa de España e de Galicia as principais unidades e elementos do relevo.

Describe e sitúa no mapa os grandes conxuntos bioclimáticos que conforman o espazo xeográfico español e galego.

Analiza os problemas medioambientais de España e describe os riscos

naturais.

Coñece os principais espazos naturais protexidos de España e de Galicia.

Reflexiona sobre a poboación, movementos migratorios, características e evolución.

Afonda sobre a distribución da poboación europea, a súa evolución, dinámica, migracións ou políticas de poboación.

Identifica como se organiza o territorio español e galego e as principais institucións.

Describe as grandes zonas urbanas, a densidade de poboación no comentario de mapas do mundo.

Recoñece as características das cidades españolas e galegas, e a distribución urbana no espazo.

Describe os proles e as contras do proceso de urbanización en Europa.

Recoñece e é capaz de identificar nun mapamundi os países do mundo, así como recoñece as súas capitais.

O MEDIO FÍSICO DE ESPAÑA E DE GALICIA

Localizar espazos xeográficos e lugares nun mapa.

Ter unha visión global do medio físico de España e de Galicia.

Situar no mapa de España e de Galicia as unidades e os elementos principais do relevo peninsular, así como os grandes conxuntos ou espazos bioclimáticos.

Coñecer e describir os grandes conxuntos bioclimáticos que conforman o espazo xeográfico español e galego.

Coñecer os principais espazos naturais de España e de Galicia.

O ESPAZO HUMANO

Comentar a información en mapas do mundo sobre a densidade de poboación e migracións.

Analizar a poboación europea no relativo á súa distribución, evolución e dinámica e as súas migracións e políticas de poboación.

Analizar as características da poboación española e galega, a súa distribución, dinámica e evolución, e os movementos migratorios.

Sinalar nun mapamundi as grandes áreas urbanas, e identificar e comentar o papel das cidades mundiais como dinamizadoras da economía das súas rexións.

Comprender o proceso de urbanización, os seus proles e as súas contras en Europa, España e Galicia.

Recoñecer as características das cidades españolas e galegas e as formas de ocupación do espazo urbano.

Coñecer os principais espazos naturais protexidos a nivel peninsular e insular.

Identificar as principais paisaxes humanizadas españolas e galegas e identificalas por comunidades autónomas.

Coñecer e analizar os problemas e os retos ambientais que afronta España, a súa orixe e as posibles vías para afrontar estes problemas.

Coñecer os países do mundo e as súas capitais.

5.- CONTIDOS E CONCRECIÓNS DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

1. Primeiro trimestre

- Unidade 1. **O medio físico e o clima de España e Galicia** (setembro/outubro) 8 sesións
- Unidade 2. **Os ecosistemas e o medio ambiente** (outubro/novembro) 8 sesións
- Unidade 3. **A poboación no mundo e Europa** (novembro/décembro) 8 sesións
- Unidade 4. **A poboación en España e Galicia**(décembro) 8 sesións

2. Segundo trimestre

- Unidade 5. **A cidade e o proceso de urbanización**(xaneiro) 9 sesións
 - Unidade 6. **A alta idade media (séculos V-XI)** (xaneiro/febreiro) 9 sesións
 - Unidade 7. **A península Ibérica na alta idade media** (febreiro) 9 sesións
- Unidade 8. **A plena idade media (séculos XI-XIII)** (marzo) 8 sesións

3. Terceiro trimestre

- Unidade 9. **A península Ibérica na plena Idade Media** (abril) 10 sesións
- Unidade 10. **A baixa idade media (séculos XIV-XV)** (abril/maio)10 sesións
- Unidade 11. **A península Ibérica na baixa idade media** (maio/xuño) 10 sesións
- Unidade 12. **A cultura e a arte na idade media** (xuño) 10 sesións

4.

>**CONTIDOS MÍNIMOS.** *Os seguintes contidos serán os imprescindibles que o alumnado deberá adquirir ao longo do curso, e de ser o caso, formarán parte do Plan de Reforzo elaborado a partir dun enfoque competencial.*

* *Contidos mínimos Xeografía*

Localización. Latitude e lonxitude.

Características xerais do medio físico de España e de Galicia.

Clima: elementos e factores. Diversidade climática da Península Ibérica e de Galicia.

Diversidade de paisaxes. Zonas bioclimáticas da Península Ibérica e de Galicia.

Medio natural e problemas ambientais en España.

Poboación: modelos demográficos e movementos migratorios.

A cidade e o proceso de urbanización

** Contidos mínimos Historia*

Relación entre o pasado, o presente e o futuro a través da historia.

Idade Media: concepto e as subetapas (alta, plena e baixa Idade Media).

Caída do Imperio Romano en Occidente: división política e invasións xermánicas.

Imperio Bizantino e reinos xermánicos.

Feudalismo.

Islam. Península ibérica: invasión musulmá.

Evolución de al-Ándalus e dos reinos cristiáns. Reconquista e repoboación.

Expansión comercial europea e recuperación das cidades.

Crise da baixa Idade Media: a 'Peste Negra' e as súas consecuencias.

Arte románica, gótica e islámica.

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	En aulaPlaneta
BLOQUE 1 . O MEDIO FÍSICO					
b e f g	B1.1. Localización. Latitude e lonxitude.	B1.1. Localizar espazos xeográficos e lugares nun mapa ou nunha imaxe de satélite, utilizando datos de coordenadas xeográficas.	XHB1.1.1. Localiza espazos xeográficos e lugares nun mapa de España e de Galicia, utilizando datos de coordenadas xeográficas.	CAA CMCCT CD	O medio físico e o clima de España e Galicia
b e f g h	B1.2. Características xerais do medio físico de España e de Galicia.	B1.2. Ter unha visión global do medio físico de España e de Galicia, e das súas características xerais.	XHB1.2.1. Enumera e describe as peculiaridades do medio físico español e galego.	CAA CMCCT CD CCL	O medio físico e o clima de España e Galicia
b e f g h	B1.3. Medio físico de España: relevo e hidrografía.	B1.3. Situar no mapa de España as unidades e os elementos principais do relevo peninsular, así como os grandes conxuntos ou espazos bioclimáticos.	XHB1.3.1. Sitúa nun mapa físico as principais unidades do relevo español.	CAA CMCCT CD	O medio físico e o clima de España e Galicia
			XHB1.3.2. Describe as unidades de relevo con axuda do mapa físico de España.	CAA CMCCT CD CCL	O medio físico e o clima de España e Galicia
b e f	B1.4. Medio físico de Galicia: relevo e hidrografía.	B1.4. Situar no mapa de Galicia as unidades e os elementos principais do	XHB1.4.1. Sitúa nun mapa físico as principais unidades do relevo galego.	CAA CMCCT CD	O medio físico e o clima de España e Galicia

g h		relevo, así como os grandes conxuntos ou espazos bioclimáticos.	XHB1.4.2. Describe as unidades de relevo con axuda do mapa físico de Galicia.	CAA CMCCT CD CCL	O medio físico e o clima de España e Galicia
b e f g h	B1.5. Clima: elementos e factores. Diversidade climática da Península Ibérica e de Galicia.	B1.5. Coñecer e describir os grandes conxuntos bioclimáticos que conforman o espazo xeográfico español e galego.	XHB1.5.1. Localiza nun mapa os grandes conxuntos ou espazos bioclimáticos de España.	CAA CMCCT CD CCL	O medio físico e o clima de España e Galicia
			XHB1.5.2. Analiza e compara as zonas bioclimáticas españolas utilizando gráficos e imaxes.	CAA CMCCT CD	O medio físico e o clima de España e Galicia
			XHB1.5.3. Localiza nun mapa os espazos bioclimáticos de Galicia.	CAA CMCCT CD	O medio físico e o clima de España e Galicia
b e f g m	B1.6. Diversidade de paisaxes. Zonas bioclimáticas da Península Ibérica e de Galicia.	B1.6. Coñecer os principais espazos naturais de España e de Galicia.	XHB1.6.1. Distingue e localiza nun mapa as paisaxes de España e de Galicia.	CAA CMCCT CD	O medio físico e o clima de España e Galicia
b e f g h m ñ	B1.7. Medio natural e problemas ambientais en España.	B1.7. Coñecer, describir e valorar a acción do ser humano sobre o ambiente español e galego, e as súas consecuencias.	XHB1.7.1. Realiza procuras en medios impresos e dixitais referidas a problemas ambientais actuais en España e en Galicia, e localiza páxinas e recursos da web directamente relacionados con eles.	CAA CMCCT CD CCL	O medio físico e o clima de España e Galicia Os ecosistemas e o medio ambiente

BLOQUE 2. O ESPAZO HUMANO

b c e f g	B2.1. Poboación mundial: modelos demográficos e movementos migratorios.	B2.1. Comentar a información en mapas do mundo sobre a densidade de poboación e as migracións.	XHB2.1.1. Localiza no mapa mundial os continentes e as áreas máis densamente poboadas.	CAA CMCCT CSC CD	A poboación no mundo e Europa
			XHB2.1.2. Explica o impacto das ondas migratorias nos países de orixe e nos de acollemento.	CAA CMCCT CSC CD	A poboación no mundo e Europa
b c e f g h	B2.2. Poboación europea: distribución e evolución.	B2.2. Analizar a poboación europea no relativo á súa distribución, evolución e dinámica, e ás súas migracións e políticas de poboación.	XHB2.2.1. Explica as características da poboación europea.	CAA CCL CSC CD	A poboación no mundo e Europa
			XHB2.2.2. Compara entre países a poboación europea segundo a súa distribución, a súa evolución e a súa dinámica.	CAA CMCCT CSC CD CCL	A poboación no mundo e Europa
b c e f	B2.3. Poboación española: evolución, distribución e dinámica. Movementos migratorios.	B2.3. Analizar as características da poboación española, a súa distribución, dinámica e evolución, e os movementos migratorios.	XHB2.3.1. Explica a pirámide de poboación de España e das súas comunidades autónomas.	CAA CMCCT CSC CD CCL	A poboación en España e Galicia

g h			XHB2.3.2. Analiza en distintos medios os movementos migratorios nas últimas tres décadas en España.	CAA CMCCT CSC CD CCL	A poboación en España e Galicia
b c e f g h	B2.4. Poboación de Galicia: evolución, distribución e dinámica. Movementos migratorios.	B2.4. Analiza as características da poboación de Galicia, a súa distribución, dinámica e evolución, e os movementos migratorios	XHB2.4.1. Coñece o proceso da emigración galega, as súas etapas e os destinos principais.	CAA CMCCT CSC CD CCL	A poboación en España e Galicia
b c e f g h	B2.5. Proceso de urbanización no planeta.	B2.5. Sinalar nun mapamundi as grandes áreas urbanas, e identificar e comentar o papel das cidades mundiais como dinamizadoras da economía das súas rexións.	XHB2.5.1. Realiza un gráfico con datos da evolución do crecemento da poboación urbana no mundo.	CAA CMCCT CSC CD CCL	A cidade e o proceso de urbanización
			XHB2.5.2. Sitúa no mapa do mundo as vinte cidades máis poboadas, di a que país pertencen e explica a súa posición económica.	CAA CMCCT CSC CD CCL	A cidade e o proceso de urbanización
b c e f g h	B2.6. A cidade e o proceso de urbanización europeo.	B2.6. Comprender o proceso de urbanización, os seus proles e os seus contras en Europa.	XHB2.6.1. Resume elementos que diferencien o urbano e o rural en Europa.	CAA CMCCT CSC CD CCL	A cidade e o proceso de urbanización
			XHB2.6.2. Distingue os tipos de cidades do noso continente.	CAA CMCCT CSC CD CCL	A cidade e o proceso de urbanización

b c e f g h ñ	B2.7. A cidade e o proceso de urbanización en España e en Galicia.	B2.7. Recoñecer as características das cidades españolas e galegas, e as formas de ocupación do espazo urbano.	XHB2.7.1. Interpreta textos que expliquen as características das cidades de España e de Galicia, axudándose de internet ou de medios de comunicación escrita.	CAA CMCCT CSC CD CCL	A cidade e o proceso de urbanización
b c e f g h m ñ	B2.8. Diversidade de medios naturais en España e en Galicia.	B2.8. Coñecer os principais espazos naturais protexidos a nivel peninsular e insular.	XHB2.8.1. Sitúa os parques naturais españois nun mapa, e explica a situación actual dalgúns deles.	CAA CMCCT CSC CD CCL	Os ecosistemas e o medio ambiente
			XHB2.8.2. Elabora gráficos de distinto tipo (lineais, de barra e de sectores) en soportes virtuais ou analóxicos, que reflectan información económica e demográfica de países ou áreas xeográficas a partir dos datos elixidos.	CAA CMCCT CCL CD	Os ecosistemas e o medio ambiente
b c e f g h m ñ	B2.9. Paisaxes no territorio español e galego.	B2.9. Identificar as principais paisaxes humanizadas españolas e galegas, e identificalas por comunidades autónomas.	XHB2.9.1. Clasifica as principais paisaxes humanizadas españolas a través de imaxes.	CAA CMCCT CSC CD CCL	Os ecosistemas e o medio ambiente

b c e f g h m ñ	B2.10. Principais retos e problemas ambientais en España.	B2.10. Coñecer e analizar os problemas e os retos ambientais que afronta España, a súa orixe e as posibles vías para afrontar estes problemas.	XHB2.10.1. Compara paisaxes humanizadas españolas segundo a súa actividade económica.	CAA CMCCT CSC CD CCL	Os ecosistemas e o medio ambiente
BLOQUE 3. A HISTORIA					
f l ñ	B3.1. Relación entre o pasado, o presente e o futuro a través da historia.	B3.1. Recoñecer que o pasado non está "morto e enterrado", senón que determina o presente e os posibles futuros e espazos, ou inflúe neles.	XHB3.1.1. Identifica elementos materiais, culturais ou ideolóxicos que son herdanza do pasado.	CSC CCEC	Todas as unidades
g l ñ	B3.2. Fontes históricas.	B3.2. Identificar, nomear e clasificar fontes históricas, e explicar diferenzas entre interpretacións de fontes diversas.	XHB3.2.1. Nomea e identifica catro clases de fontes históricas.	CSC CAA	Todas as unidades
			XHB3.2.2. Comprende que a historia non se pode escribir sen fontes, xa sexan estas restos materiais ou textuais.	CSC CAA	Todas as unidades
l ñ	B3.3. Cambio e continuidade.	B3.3. Explicar as características de cada tempo histórico e certos acontecementos que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia, diferenciando períodos que facilitan o seu estudo e a súa interpretación.	XHB3.3.1. Ordena temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos salientables, utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade.	CSC CMCCT	Todas as unidades
			XHB3.3.2. Realiza diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos.	CSC CMCCT	Todas as unidades
f l ñ	B3.4. Tempo histórico.	B3.4. Entender que os acontecementos e os procesos ocorren ao longo do tempo e á vez no tempo (diacronía e sincronía).	XHB3.4.1. Entende que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos.	CSC CMCCT	Todas as unidades

l h ñ	B3.5. Vocabulario histórico e artístico.	B3.5. Utilizar o vocabulario histórico e artístico con precisión, inseríndoo no contexto adecuado.	XHB3.5.1. Utiliza o vocabulario histórico e artístico imprescindible para cada época.	CSC CCL	Todas as unidades
g l	B3.6. Idade Media: concepto e as subetapas (alta, plena e baixa Idade Media).	B3.6. Caracterizar a alta Idade Media en Europa e recoñecer a dificultade da falta de fontes históricas neste período.	XHB3.6.1. Utiliza as fontes históricas e entende os límites do que se pode escribir sobre o pasado.	CSC CAA	Todas as unidades
a c d g l	B3.7. Caída do Imperio Romano en Occidente: división política e invasións xermánicas. Imperio Bizantino e reinos xermánicos.	B3.7. Describir a nova situación económica, social e política dos reinos xermánicos.	XHB3.7.1. Compara as formas de vida (en diversos aspectos) do Imperio Romano coas dos reinos xermánicos	CSC CAA	A alta idade media (séculos V-XI)
a c d g l	B3.8. Feudalismo.	B3.8. Explicar a organización feudal e as súas consecuencias.	XHB3.8.1. Caracteriza a sociedade feudal e as relacións entre señores e campesiños.	CSC	A plena idade media (séculos XI-XIII)
a c d f h l n	B3.9. Islam. Península Ibérica: invasión musulmá. Evolución de Al-Andalus e dos reinos cristiáns.	B3.9. Analizar a evolución dos reinos cristiáns e musulmáns, nos seus aspectos socioeconómicos, políticos e culturais.	XHB3.9.1. Comprende as orixes do Islam e o seu alcance posterior.	CSC CCEC	A península Ibérica na alta idade media
			XHB3.9.2. Explica a importancia de Al-Andalus na Idade Media.	CSC CCEC CMCCT CCL	A península Ibérica na alta idade media A península Ibérica na plena Idade Media
g h l n ñ	B3.10. Reconquista e repoboación.	B3.10. Entender o proceso das conquistas e a repoboación dos reinos cristiáns na Península Ibérica e as súas relacións con Al-Andalus.	XHB3.10.1. Interpreta mapas que describen os procesos de conquista e repoboación cristiáns na Península Ibérica.	CSC CAA	A península Ibérica na plena Idade Media
			XHB3.10.2. Explica a importancia do Camiño de Santiago.	CSC CCEC CCL	A cultura e a arte na idade media

I	B3.11. Expansión comercial europea e recuperación das cidades. Crise da baixa Idade Media: a 'Peste Negra' e as súas consecuencias.	B3.11. Entender o concepto de crise e as súas consecuencias económicas e sociais.	XHB3.11.1. Comprende o impacto dunha crise demográfica e económica nas sociedades medievais europeas.	CSC	A baixa idade media (séculos XIV-XV)
I h n ñ	B3.12. Arte románica, gótica e islámica.	B3.12. Comprender as características e as funcións da arte na Idade Media.	XHB3.12.1. Describe características da arte románica, gótica e islámica.	CSC CCEC CCL	A cultura e a arte na idade media

6.- CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

Traballar de xeito competencial na aula supón un cambio metodolóxico importante; o docente pasa a ser un xestor de coñecemento do alumnado e o alumno ou a alumna adquire un maior grao de protagonismo.

En concreto, na área de Xeografía e Historia:

Necesitamos adestrar de xeito sistemático os procedementos que conforman a estrutura da materia. Se ben a finalidade da área é adquirir coñecementos esenciais que se inclúen no currículo básico. O alumnado deberá desenvolver actitudes conducentes á reflexión e análise sobre os grandes feitos históricos, as súas vantaxes e as implicacións éticas que en ocasións consideran. Para iso necesitamos certo grao de adestramento individual e traballo reflexivo de procedementos básicos da materia: a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a argumentación en público e a comunicación audiovisual.

Nalgúns aspectos da área, o traballo en grupo colaborador achega, ademais do adestramento de habilidades sociais básicas e enriquecemento persoal desde a diversidade, unha ferramenta perfecta para discutir e afondar en contidos dese aspecto. Por outro lado, cada alumno parte dunhas potencialidades que definen as súas intelixencias predominantes, enriquecer as tarefas con actividades que se desenvolvan desde a teoría das intelixencias múltiples facilita que todos os escolares poidan chegar a comprender os contidos que pretendemos adquirir para o desenvolvemento dos obxectivos de aprendizaxe.

Na área de Xeografía e Historia é indispensable a vinculación a contextos reais, así como xerar posibilidades de aplicación dos contidos adquiridos. Para iso, as tarefas competenciais facilitan este aspecto, que se podería complementar con proxectos de aplicación dos contidos.

7.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Os materiais cos que profesorado e alumnado traballarán nesta materia son os seguintes:

Libro de texto: Xeografía e Historia. Aula Planeta (Edixgal).

Mapas, textos, gráficas e fotografías de carácter histórico e xeográfico.

Material audiovisual relacionado coa xeografía e coa historia.

Na aula dispónse de ordenador e proxector, con conexión a internet.

Internet e material dixital.

Un caderno de tamaño A4 ou un clasificador para realizar as tarefas escritas: esquemas, resumos, actividades, etc.

8.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN.

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS.

Criterios de cualificación

A cualificación da materia obtense segundo a seguinte fórmula:

$$\text{CUALIFICACIÓN} = (\text{Probos escritas} \times 0,8) + (\text{Actividades} \times 0,1) + (\text{Actitude} \times 0,1)$$

As cualificacións aparecerán nunha escala numérica sen decimais do 1 ó 10, sendo o número enteiro o número da cualificación (isto é, entre 5,00 e 5,99 a cualificación é de 5). No caso de realizarse máis dunha proba por avaliación farase a media ponderada. No caso de que un alumno ou alumna non acade unha avaliación positiva na avaliación ordinaria e teña que ser examinado na extraordinaria, será cualificado por unha proba escrita que conformará o 100% da súa cualificación final.

Dentro das **actividades** terase en conta o seguinte:

– A cualificación das actividades é a media ponderada de todas as actividades realizadas durante o trimestre.

– A non realización dunha actividade, tanto na aula como no caderno, pódese reflexar na ficha de aula como un negativo.

–Ao final do trimestre revisaranse os cadernos e a participación na Aula Virtual.

Instrumentos de avaliación e criterios de corrección e puntuación

Un **instrumento de avaliación** é todo o que vale para avaliar ó alumnado. Para avaliar a materia poderán utilizarse os seguintes instrumentos, que dividiremos en tarefas e exames:

TAREFAS

- Actividades realizadas polo alumnado durante a actividade diaria e recollidas no caderno de clase ou portfolio dixital.
- Traballos de investigación e confección de catálogos ou fichas, individuais ou en grupo. Terase en conta a calidade dos proxectos, a variedade das fontes, o rigor científico, a entrega no prazo indicado, a capacidade de análise e síntese e a capacidade crítica.

* Dada a experiencia durante o terceiro trimestre do curso 2019/2020, en canto aos traballos feitos en grupo ou individualmente, ou o traballo na aula (ou casa), toda produción ou traballo entregado polo alumnado que presente indicios de ser copiado ou de elaboración non propia levará unha cualificación de cero (0).

EXAMES

- Preguntas curtas e de tipo tema.
- Cuestionarios orais e escritos de mapas físicos e políticos (Galicia, España e os continentes). Terase en conta a capacidade discursiva, o rigor científico e a linguaxe empregada
- Comentarios e preguntas sobre gráficos, mapas e imaxes das obras de arte máis características de cada período.

Os criterios de corrección e puntuación é o modo no que se corríxen ditos instrumentos. Tendo en conta que o criterio de corrección é “como corríxo” e que os criterios de puntuación son “como puntuo” (canto vale cada pregunta nunha proba), o departamento de Xeografía e Historia considera imprescindible á hora de cualificar unha proba a elaboración dun indicador de logro ou rúbrica para cada un dos estándares de aprendizaxe. Con este referente pódese avaliar a corrección na contestación, o axuste

ao enunciado, sen divagacións. Valorarase segundo a rúbrica ou grupo de rúbricas todos os instrumentos de avaliación. Ademais descontarase 0,25 por cada cinco faltas de ortografía.

Os intentos de engano, fraude ou copia na realización dunha proba implican que o alumno ou alumna acade a nota mínima na mesma.

Os elementos restantes (criterios e estándares) son prescriptivos.

Promoción, recuperación e avaliación continua

A LOMCE recórdanos que a avaliación na ESO debe ser continua e diferenciada por materias. Tendo en conta isto establécese o seguinte:

Se un alumno ou alumna non acada unha cualificación positiva nunha avaliación poderá presentarse a unha **recuperación** ao final do derradeiro trimestre. Ao final do curso, en xuño, haberá unha recuperación final na que os que teñan algunha avaliación suspensa poderán examinarse dela. O alumno ou alumna debe acadar polo menos un 5 para superala.

A cualificación final será a media das tres avaliacións sempre e cando sexa igual ou superior á acadada no terceiro trimestre.

Considérase que **promocionará** ao seguinte curso na materia de Xeografía e Historia o alumnado que acade unha cualificación mínima de 5 puntos ao facer media das tres avaliacións. Para calcular esta media é requisito imprescindible ter aprobadas as tres avaliacións antes da avaliación final de xuño. Así mesmo, promocionarán todos aqueles que en setembro consigan unha nota mínima de 5 puntos na convocatoria extraordinaria, atendendo aos criterios específicos que se detallan a continuación.

Aquel alumnado que suspenda a materia na convocatoria de xuño terá que presentarse á proba extraordinaria de **setembro** e será cualificado por unha proba escrita que conformará **o 80% da súa cualificación global** tendo que presentar o caderno de actividades propostas no Plan Estival como medida de reforzo e recuperación. Este caderno será valorado con ata **o 20% da cualificación global**.

9.- AVALIACIÓN INICIAL

Realizarase unha proba de coñecementos previos na primeira semana de clase, co obxectivo de dar luz sobre o nivel dos alumnos, pois entran por primeira vez no centro e os docentes non os coñecen, de esta maneira poder descubrir casos que precisen dunha mellor atención, e tamén o nivel medio, para establecer estratexias educativas adaptadas a cada grupo; por iso a proba debe ser persoal e individual pero non cualificable na nota das avaliacións, os resultados son unicamente orientativos, e influirán nos métodos aplicables na docencia a nivel xeral, na selección de alumnos tanto para agrupamentos como para actividades de reforzo ou apoio, e para identificar casos nos que fose necesario elaborar unha adaptación curricular.

Ademais levaremos a cabo as seguintes accións: a) Análise dos informes de avaliación individualizados do curso anterior. b) Detección das aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso 2019/2020, así como a súa correspondencia coa falta do desenvolvemento das correspondentes competencias clave.

Neste período inicial, mediante observación directa nas clases, tamén se recollerá información das peculiaridades da forma de aprender de cada alumno/a (habilidades, estratexias e destrezas desenvolvidas, é dicir, manexo de procedementos) así como información sobre o grao de integración social do alumno/a (consigo mesmo, cos compañeiros e compañeiras e co profesorado). A partir da avaliación inicial, e sempre que se considerase necesario, faranse axustes curriculares no desenvolvemento da materia, de maneira que o alumnado recupere as aprendizaxes imprescindibles non adquiridos no curso 2019/2020, e se garanta a consolidación, adquisición, reforzo ou apoio das mesmas.

10.- INDICADORES DE AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

A resposta das seguintes **preguntas servirá para reflexionar sobre a miña actuación** cos alumnos.

Aspectos do proceso de ensino e da práctica docente a	1	2	3	4	5
--	----------	----------	----------	----------	----------

valorar					
Os alumnos traballan da seguinte maneira	De forma individual				
	Por parellas				
	En pequeno grupo				
	En gran grupo				
Os exercicios que proponho son do seguinte tipo	Cerrados e ríxidos (do libro)				
	Abertos, procedimentais, proxectos				
	Facilitan o traballo cooperativo				
Na metodoloxía que aplico	Utilizo ferramentas TIC				
	Facilito o aprendizaxe autónomo				
	Baséome nas explicacións teóricas do libro				
Como paso as horas lectivas?	Poñendo silencio				
	Impartindo teoría e explicacións				
	Guiando ós alumnos no seu traballo				
	Observando				
	Correxindo				
Grao de motivación do alumnado					
Grao de participación das familias					

Indicadores de logro para avaliar a programación didáctica.

A resposta das seguintes preguntas servirá para reflexionar sobre a funcionalidade desta programación:

Aspectos da programación a valorar	1	2	3	4	5
Adecuación dos materiais utilizados					
Adecuación da planificación					
Medidas de atención á diversidade					

Uso das TIC					
Inclusión de temas transversais					
Actividades de carácter interdisciplinar					

11.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Terase en conta o tratamento da diversidade do alumnado con respecto ós diferentes ritmos de aprendizaxe, polo que se orientará a intervención en función desta variedade. Daquela, empregaranse recursos básicos para desenvolver distintas estratexias de ensino para facilitar as aprendizaxes do alumnado en función das súas necesidades concretas. Isto esixe un tratamento en diferentes niveis de profundidade dos contidos, tendo en conta que o texto expositivo e as actividades de síntese desenvolverán os contidos básicos da unidade. Segundo o resultado da avaliación inicial proporanse actividades de repaso e/ou reforzó individualizadas a realizar na aula e no fogar.

Ademais elaboraranse actividades que terán distintos niveis de dificultade e incluíranse actividades de reforzo e de ampliación para cada un dos temas que conforman o libro de cada alumno e alumna.

12.- ELEMENTOS TRANSVERSAIS

En cada unha das unidades didácticas descritas nesta programación foise facendo referencia ao tratamento concreto dunha serie de aspectos transversais. Polo tanto agora non queda máis que facer un resume global, e en conxunto, deses temas respecto da globalidade da materia. Xa que logo estes son os temas transversais e a súa presenza e tratamento na programación de Xeografía e Historia de 2º ESO.

1) COMPRENSIÓN LECTORA:

Fundamentalmente propórase en cada unidade didáctica a lectura dun texto relacionado cos contidos a traballar. Asemade nalgúns casos pedírase a elaboración de redaccións sobre algún dos aspectos tratados no tema.

A lectura dos textos será individual, pero tamén en grupo. Ao remate da mesma propórase a realización de debates coa finalidade de avaliar a comprensión do texto.

2) EXPRESIÓN ORAL E ESCRITA:

En relación co aspecto anterior e complementándoo, propórase a redacción de textos e a exposición oral de traballos sobre eses textos ou outros distintos. En todo caso cada un deles relacionado coa materia explicada.

3) COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL:

Xunto coas novas tecnoloxías é un aspecto moi importante no traballo na clase. Aproveitando os fondos audiovisuais cos que conta o centro, máis aqueles outros aos que se pode acceder por internet, as explicacións do libro de texto e do material escrito co que se traballa, complementaranse co visionado de películas, documentais e/ou reportaxes sobre os temas obxecto de estudo.

4) TRATAMENTO DAS TIC:

Van ser un aspecto moi importante desde o punto de vista metodolóxico porque supoñen unha ferramenta moi importante, non só para a procura de información ou para a adquisición de materiais audiovisuais existente na Rede, senón tamén para a elaboración de traballos, presentación, gráficas mediante o uso das novas tecnoloxías. Así permitirase ao alumnado o coñecemento de programas informáticos útiles para traballar cos materiais de xeografía e historia.

5) EMPRENDEMENTO:

Con este tema transversal o que se busca é conseguir que o alumnado se mostre interesado por aquelas actividades que poñan de manifesto a súa capacidade creativa e innovadora á hora de levar a cabo proxectos emprendedores en relación non só coa xeografía senón tamén coa historia.

6) EDUCACIÓN CÍVICA E CONSTITUCIONAL:

O estudo da xeografía e da historia permite achegarse ao coñecemento doutras culturas distintas, xa no tempo, xa no espazo, polo que o alumnado aprende normas cívicas, de comportamento e sobre todo o respecto pola cultura diferente da propia e polos dereitos dos demais. Así pois é un valor importante a transmitir a través do coñecemento xeográfico e histórico, que en ningún caso pode quedar ao marxe.

13.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Debido á situación actual non está prevista ningunha actividade extraescolar, en cambio si que poderemos aproveitar algunha actividade complementaria que se organice no centro e que teña relación cos contidos desta materia.

14.- MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PDA

O seguimento, avaliación e, se é o caso, modificación desta programación, farase nas reunións do departamento. Principalmente nas que se celebren a comezos de trimestre, nelas, ademais de valorar os resultados académicos do alumnado, observarase o cumprimento dos contidos e demais aspectos programados, para que, de ser preciso, proceder ás modificacións requiridas.

Polo tanto, a revisión da programación didáctica é un proceso de seguimento continuo, coa finalidade de permitir calquera modificación sen ter que esperar ao final do curso. Está claro que calquera modificación será comunicada ao alumnado para que teñan coñecemento dela. Con todo, ao remate do curso o departamento fará unha avaliación final da programación que pasará a estar recollida na memoria final.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA 3º ESO

Contido

1.- INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

2.- CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

3.- OBXECTIVOS

4.- ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

5.- CONTIDOS E CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

6.- CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

7.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

8.- CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN, AVALIACIÓN E PROMOCIÓN. PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS

9.- AVALIACIÓN INICIAL

10.- INDICADORES DE AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

11.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

12.- ELEMENTOS TRANSVERSAIS

13.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

14.- MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN

15.- ANEXO SECCIÓN BILINGÜE

1.- INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

Segundo o Decreto 86/2015 do 25 de xuño que establece o currículo da ESO e Bacharelato en Galicia, conforme á Lei Orgánica 8/2013 para a Mellora da Calidade Educativa, a materia de xeografía e historia de 3º curso de Educación Secundaria Obrigatoria ten como finalidade o coñecemento da sociedade, a súa organización e o seu funcionamento ao longo do tempo, e resulta esencial para poder entender o mundo actual. Coñecer o espazo onde se desenvolven as sociedades, os recursos naturais e o uso que se lles deu, achéganos datos sobre o pasado.

Polo tanto as disciplinas da Xeografía e a Historia son dous importantes eixes vertebradores para o coñecemento da sociedade, xa que contemplan a realidade humana e social desde unha perspectiva global e integradora e ofrecen unha maior capacidade para a estruturación dos feitos sociais. Malia isto, a sociedade actual, cada vez máis complexa, require da intervención doutras disciplinas como a Economía, a Socioloxía, a Ecoloxía ou a Historia da arte, que achegan análises diferentes e complementarias para a mellor comprensión da realidade social.

Así pois, esta disciplina pretende afondar e favorecer a comprensión dos acontecementos, os procesos e os fenómenos sociais no contexto en que se producen, analizar os procesos que dan lugar aos cambios históricos e seguir adquirindo as competencias necesarias para comprender a realidade do mundo en que viven, as experiencias colectivas pasadas e presentes, a súa orientación no futuro, así como o espazo en que se desenvolve a vida en sociedade.

No contexto espacial e socioeconómico no que vive o alumnado do CPI Tino Grandío é moi importante para a súa formación como persoas entender tódolos procesos que se dan ao redor dos distintos sectores produtivos, xa que aquí son importantes tanto o sector primario (a agricultura e gandaría), o secundario (as industrias agrarias) e o terciario (o sector servizos ao redor desta última); pero tamén o coñecemento da realidade histórica, posto que Guntín e a comarca de Lugo

desempeñaron un papel importante na cultura galega desde tempos prehistóricos (restos megalíticos) ata a actualidade.

O curso está dividido en dous grupos de 11 alumnos.

2.- CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

En liña coa Recomendación 2006/962/EC, do Parlamento Europeo e do Consello, de 18 de decembro de 2006, sobre as competencias clave para a aprendizaxe permanente, esta programación baséase na potenciación da aprendizaxe por competencias, integradas nos elementos curriculares para propiciar unha renovación na práctica docente e no proceso de ensino e aprendizaxe. Propóñense novos enfoques na aprendizaxe e avaliación, que supoñerán un importante cambio nas tarefas que han de resolver os alumnos e formulacións metodolóxicas innovadores. A competencia supón unha combinación de habilidades prácticas, coñecementos, motivación, valores éticos, actitudes, emocións, e outros compoñentes sociais e de comportamento que se mobilizan conxuntamente para lograr unha acción eficaz. Contémplanse, pois, como coñecemento na práctica, un coñecemento adquirido a través da participación activa en prácticas sociais que, como tales, pódense desenvolver tanto no contexto educativo formal, a través do currículo, como nos contextos educativos non formais e informais

Adóptase a denominación das competencias clave definidas pola Unión Europea. Considérase que “as competencias clave son aquelas que todas as persoas precisan para a súa realización e desenvolvemento persoal, así como para a cidadanía activa, a inclusión social e o emprego”. Identifícanse sete competencias clave esenciais para o benestar das sociedades europeas, o crecemento económico e a innovación, e descríbense os coñecementos, as capacidades e as actitudes esenciais vinculadas a cada unha de elas.

As competencias clave do currículo son as seguintes:

- 1 Comunicación lingüística (CCL).
- 2 Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).

- 3 Competencia dixital (CD).
- 4 Aprender a aprender (CAA).
- 5 Competencias sociais e cívicas (CSC).
- 6 Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
- 7 Conciencia e expresións culturais (CCEC).

Na área de Xeografía e Historia incidiremos no adestramento de todas as competencias de xeito sistemático facendo fincapé nos descritores máis afíns a ela.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

Esta área, como parte integrante das ciencias sociais, utiliza ferramentas que serven para describir, interpretar e predicir distintos fenómenos no seu contexto. Polo tanto, estas competencias desenvolveranse co uso de nocións estatísticas básicas, escalas numéricas e gráficas, operacións matemáticas sinxelas, representacións gráficas, selección de fontes de información, contraste de datos... En definitiva, o alumnado farase consciente de que os coñecementos matemáticos, científicos e tecnolóxicos teñen unha

aplicabilidade real e funcional en moitos aspectos da súa propia realidade, capacitándoo para afrontar e resolver problemas da súa vida cotiá.

Os descritores que traballaremos fundamentalmente serán:

- Tomar conciencia dos cambios producidos polo ser humano no ámbito natural e as repercusións para a vida futura.
- Aplicar métodos científicos rigorosos para mellorar a comprensión da realidade circundante.

- Manexar a linguaxe matemática con precisión en calquera contexto.
- Aplicar as estratexias de resolución de problemas a calquera situación problemática.

Comunicación lingüística

A materia de Xeografía e Historia intervén no desenvolvemento da competencia lingüística en varios aspectos: en primeiro lugar, a través do coñecemento e o uso correcto do vocabulario específico da materia, para construír un discurso preciso e expresalo de xeito oral ou escrito; en segundo lugar, ao utilizar diferentes variantes do discurso, asociado aos contidos, en especial, a descrición, a narración e a argumentación; en terceiro lugar, grazas á lectura comprensiva e a interpretación de textos ou o comentario de imaxes para potenciar o uso da linguaxe icónica. Por outra parte, esta materia está intrinsecamente relacionada coa busca de información, tanto en fontes orais como escritas, e a propia construción do coñecemento a través dun proceso que vai desde a información ata as interpretacións explicativas. É importante que o correcto uso do vocabulario da materia, adquirido e precisado durante a etapa de Secundaria, se afiance e se incorpore á linguaxe habitual do alumnado.

Os descritores aos que lles daremos prioridade serán:

- Comprender o sentido dos textos escritos.
- Expresar oralmente de xeito ordenado e claro calquera tipo de información.
- Entender o contexto sociocultural da lingua, así como a súa historia para un mellor uso desta.
- Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación.
- Producir textos escritos de diversas complexidades para o seu uso en situacións cotiás ou de materias diversas.

No noso caso como centro *bilingüe* na materia de Xeografía e Historia, (aínda que logo faremos un apartado especial nesta programación para a materia en bilingüe) cómpre sinalar agora o seguinte referido a esta competencia en concreto:

- Manter conversacións noutras linguas sobre temas cotiáns en distintos contextos.
- Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación.

Competencia dixital

A competencia dixital é fundamental para que o alumnado comprenda os fenómenos xeográficos, sociais e culturais e que saiba traballar coa información (obtención, selección, tratamento, análise...), procedente de moi diversas fontes, tanto tradicionais, coma audiovisuais, e dixitais, e non todas co mesmo grao de fiabilidade e obxectividade. Por iso, a información obtida debe ser analizada desde parámetros esixentes, a comparación exhaustiva e crítica das fontes. A obtención e tratamento dixital da información require, ademais, unha serie de coñecementos e habilidades que son necesarios para que o alumnado se desenvolva e sexa competente nun ámbito dixital. Do mesmo modo, preténdese que o alumnado cree contidos dixitais en distintos formatos, á vez que desenvolve unha actitude responsable respecto ás limitacións e a seguridade do uso das novas tecnoloxías da información.

Para iso, neste área, traballaremos os seguintes descritores da competencia:

- Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade.
- Elaborar información propia derivada de información obtida a través de medios tecnolóxicos.
- Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.

- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.
- Aplicar criterios éticos no uso da tecnoloxía.

Conciencia e expresións culturais

A relevancia dos feitos culturais e artísticos nos contidos desta materia é o que pon de manifesto a importancia desta competencia. O alumnado poderá coñecer e comprender as obras artísticas e culturais máis significativas na historia da humanidade. Obxectivo fundamental é que, a través da observación minuciosa da obra artística, valore e se sensibilice cara a todo o artístico e cultural. O interese, aprecio e respecto polo patrimonio cultural e artístico convértese no elemento fundamental do desenvolvemento desta competencia que permite desenvolver un espírito crítico e facilítalle ao escolar comprender a relación entre as manifestacións artísticas, os feitos históricos e as sociedades que as crean.

A área de Xeografía e Historia favorece que se poida traballar desde aí sempre e cando se adestren os seguintes descritores:

- Mostrar respecto cara ás obras máis importantes do patrimonio cultural a nivel mundial.
- Expresar sentimentos e emocións desde códigos artísticos.
- Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.
- Apreciar a beleza das expresións artísticas e no cotián.

Competencias sociais e cívicas

A competencia social e cívica é primordial para abordar a materia de Xeografía e Historia, xa que comprender a ardua e cambiante realidade social é un dos aspectos principais dos seus contidos. O coñecemento de diferentes realidades sociais ao longo do tempo fai que sexa ineludible a súa comparación coa realidade actual e favorece que o alumnado comprenda que esas realidades se van forxando ao longo

do tempo, e que por iso mesmo poden cambiar, polo que debe ser tolerante coas que se producen no seu ámbito e noutros ámbitos diferentes ao seu. O alumno asimila que vive nunha sociedade cada vez máis plural, e globalizada, no que convive con culturas diferentes.

Esta competencia permite que o alumno poña en práctica os coñecementos aprendidos aplicándoos ao seu ámbito social converténdoo nun cidadán activo capaz de dar resposta aos problemas e fenómenos da súa realidade social interactuando con outras persoas e grupos favorecendo a tolerancia e o respecto a todos á vez que desenvolve o talante democrático.

Os descritores que adestraremos son os seguintes:

- Coñecer e aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola
- Identificar as implicacións que ten vivir nun Estado social e democrático de dereito referendado por unha norma chamada Constitución Española.
- Desenvolver capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos.
- Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.
- Involucrarse ou promover accións cun fin social.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

A participación activa do alumno nos procesos de toma de decisións que afecten á súa aprendizaxe, favorecen a toma de conciencia deste no que se refire ao seu protagonismo no seu proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Trátase de potenciar a súa capacidade de transformar as súas ideas en accións, actuando con criterio e determinación, tomando decisións e asumindo os riscos e consecuencias futuras desas decisións.

O alumnado deberá adestrar a capacidade de liderar con responsabilidade procesos e traballos cooperativos, actuando con responsabilidade nos seus hábitos cotiáns e o seu ámbito familiar e escolar.

Os descritores que adestraremos son:

- Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.
- Ser constante no traballo superando as dificultades.
- Xestionar o traballo do grupo coordinando tarefas e tempos.
- Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema.
- Mostrar iniciativa persoal para comezar ou promover accións novas.
- Asumir riscos no desenvolvemento das tarefas ou proxectos.

Aprender a aprender

A competencia en aprender a aprender permite que o alumnado dispoña de habilidades ou de estratexias que lle faciliten a aprendizaxe ao longo da súa vida (busca, organización e recuperación da información...) e que desenvolva a súa curiosidade por adquirir novos coñecementos, capacidades e actitudes que lle permitan desenvolverse e crecer como persoa. Neste sentido, esta materia debe fomentar no alumno o desexo de indagar no pasado, no seu ámbito e analizar e interpretar os fenómenos xeográficos, históricos e culturais para darlles respostas ás formulacións do home, á vez que desenvolve a súa capacidade de aprender a aprender de xeito autónomo e permanente. Presupón tamén que poida adaptarse crítica e reflexivamente aos cambios que poidan producirse na súa vida, é dicir, que

lles aplique similares instrumentos aos que empregou na análise da realidade social (histórica e xeográfica) ao longo desta etapa de Educación Secundaria Obrigatoria.

Neste sentido, desenvolveranse os seguintes descritores:

- Xestionar os recursos e motivacións persoais a favor da aprendizaxe.
- Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.
- Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios.
- Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.

3.- OBXECTIVOS

- Diferenciar os diversos sectores económicos europeos.
- Coñecer as características dos diversos tipos de sistemas económicos.
- Comprender a idea de «desenvolvemento sostible» e as súas implicacións.
- Localizar e identificar os recursos agrarios e naturais no mapa mundial.
- Identificar a distribución desigual das rexións industrializadas no mundo. Comparar os datos do peso do sector terciario dun país fronte aos do sector primario e secundario e extraer conclusións.
- Identificar o papel de grandes cidades mundiais como dinamizadoras da economía das súas rexións.
- Analizar gráficos onde se represente o comercio desigual e a débeda externa entre países en desenvolvemento e os desenvolvidos.
- Relacionar áreas de conflito bélico no mundo con factores económicos e políticos.

- Recoñecer os principais accidentes xeográficos de cada continente.
- Coñecer os países do mundo, as súas capitais e a súa localización no mapa.
- Tomar conciencia do problema da perda de biodiversidade terrestre e das causas e consecuencias do cambio climático.
- Entender o concepto de globalización.
- Tomar sensibilidade perante os efectos da globalización.
- Entender os retos aos que se enfrontan os países desenvolvidos.
- Tomar conciencia dos problemas que ocasiona o subdesenvolvemento.
- Recoñecer as solucións aos problemas dos países subdesenvolvidos.
- Comprender o significado histórico da etapa do Renacemento en Europa.
- Relacionar a concepción do humanismo e o legado dos artistas e científicos do Renacemento con etapas anteriores e posteriores.
- Identificar o reinado dos Reis Católicos como unha etapa de transición entre a Idade Media e a Idade Moderna.
- Coñecer os procesos de conquista e colonización, e as súas consecuencias.
- Comprender a diferenza entre os reinos medievais e as monarquías modernas.
- Coñecer as características das políticas internas e as relacións exteriores dos séculos XVI e XVII en Europa.
- Coñecer a vida e obra dalgúns autores da Idade Moderna.
- Apreciar a importancia da arte barroca en Europa e en América.

- Utilizar o vocabulario histórico con precisión, inseríndoo no contexto adecuado.

4.- ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

Os contidos deste curso organízanse en dous grandes bloques: por un lado os referidos ao espazo humano (xeografía) e polo outro aqueles que atenden á Historia. O alumnado deberá adquirir uns coñecementos e destrezas básicas que lle permitan adquirir unha cultura social; os alumnos e alumnas deben identificarse como axentes activos e recoñecer que das súas actuacións e coñecementos dependerá o desenvolvemento do seu ámbito. Así pois podemos dividir os estándares de aprendizaxe, a nivel xeral do curso, en dous grandes bloques:

O ESPAZO HUMANO: A XEOGRAFÍA

Distingue nun mapa político a distribución territorial de España: comunidades autónomas, provincias e municipios.

Compara a poboación activa de cada sector en diversos países e analiza o grao de desenvolvemento que mostran estes datos.

Diferencia os sectores económicos europeos, españois e galegos.

Define o desenvolvemento sostible e describe conceptos clave relacionados con el.

Busca información sobre a sobreexplotación dos caladoiros de pesca, usando recursos impresos e dixitais.

Localiza nun mapa os países máis industrializados do mundo, a través de lendas e símbolos adecuados.

Traza sobre un mapamundi o itinerario que segue un produto agrario e outro gandeiro desde a súa recolección ata o seu consumo en zonas afastadas, e extrae conclusións.

Define os indicadores que miden os intercambios económicos dun país.

Describe as características do comercio internacional na actualidade.

Enumera as características dos bloques comerciais e as razóns polas que se constitúen.

Identifica os tipos de turismo e os seus efectos.

Valora a importancia do turismo na economía española e galega.

Realiza un informe sobre as medidas para tratar de superar as situacións de pobreza.

Sinala áreas de conflito bélico no mapamundi e relaciónnaas con factores económicos.

A HISTORIA

Identifica elementos materiais, culturais ou ideolóxicos que son herdanza do pasado.

Nomea e identifica catro clases de fontes históricas.

Comprende que a historia non se pode escribir sen fontes, xa sexan estas restos materiais ou textuais.

Ordena temporalmente algúns feitos históricos e outros relevantes, utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade.

Realiza diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos.

Entende que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos.

Utiliza o vocabulario histórico e artístico imprescindible para cada época.

Distingue modos de periodización histórica (Idade Moderna, Renacemento, Barroco, absolutismo, etc.).

Identifica trazos do Renacemento e do humanismo na historia europea, a partir de fontes históricas de diversos tipos.

Coñece obras e legados de artistas, humanistas e científicos da época.

Analiza obras, ou fragmentos delas, dalgúns autores desta época no seu contexto.

Distingue as características de réximes monárquicos autoritarias, parlamentarias e absolutas.

Comprende os conceptos de cambio e continuidade en relación co reinado dos Reis Católicos.

Explica as causas que conduciron ao descubrimento de América para Europa, a súa conquista e a súa colonización.

Coñece os principais feitos da expansión de Aragón e de Castela polo mundo.

Sopesa interpretaci3ns conflictivas sobre a conquista e a colonizaci3n de Am3rica

5.- CONTIDOS E CONCRECIÓN DE ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

>*CONTIDOS MÍNIMOS. Os seguintes contidos serán os imprescindibles que o alumnado deberá adquirir ao longo do curso, e de ser o caso, formarán parte do Plan de Reforzo elaborado a partir dun enfoque competencial.*

* *Contidos mínimos Xeografía*

- Localización. Latitude e lonxitude.
- Organización política e territorial de España.
- Sectores económicos en Europa, en España e en Galicia.
- Sistemas económicos do mundo.
- Tensións mundiais e subdesenvolvemento. Solucións ao problema.

* *Contidos mínimos Historia*

- Idade Moderna: concepto e datación.
- Monarquías modernas: unión dinástica de Castela e Aragón. Posición de Galicia. Descubertas xeográficas: Castela e Portugal. Conquista e colonización de América.
- Renacemento e Humanismo: alcance posterior.
- Arte renacentista e barroca.

-Estado moderno: monarquías autoritarias, parlamentarias e absolutas.

Primeiro trimestre

UNIDADE 0. Introducción á xeografía

temporalización: últimas semanas de setembro (3 sesións)

CONTIDOS		CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES
CONTIDOS CURRICULARES DO CURSO	CONTIDOS DA UNIDADE	
BLOQUE 1. O MEDIO FÍSICO B1.1. Localización. Latitude e lonxitude.	Que é a xeografía? Os mapas: tipos de mapas Os gráficos. Outras ferramentas: as imaxes aéreas, as imaxes satelitais, as estatísticas.	B1.1. Localizar e interpretar espazos xeográficos e lugares nun mapa ou imaxe satélite.

UNIDADE 1. A organización política do mundo

temporalización: primeira e segunda semanas de outubro (7 sesións)

CONTIDOS		CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES
CONTIDOS CURRICULARES DO CURSO	CONTIDOS DA UNIDADE	
BLOQUE 2. O ESPAZO HUMANO B2.1. Organización política e territorial de España. B2.13. Tensións mundiais e subdesenvolvemento. Solucións ao problema.	Os Estados actuais. As funcións do Estado. Os Estados frustrados. O Estado de benestar. Os Estados segundo a súa organización política.	B2.1. Coñecer a organización administrativa e territorial de España. B2.13. Relacionar áreas de conflito bélico no mundo con factores económicos.

	<p>Os estados democráticos.</p> <p>A ditaduras.</p> <p>As monarquías e as repúblicas.</p> <p>Os estados segundo a relixión.</p> <p>Os Estados segundo a súa organización territorial.</p> <p>Os Estados centralizados.</p> <p>Os Estados descentralizados.</p> <p>A cooperación entre os Estados.</p> <p>A ONU.</p> <p>Os conflitos entre Estados.</p> <p>Un exemplo de cooperación: a UE.</p> <p>A historia da UE</p> <p>As institucións de UE.</p> <p>A Unión Europea hoxe e os seus retos de futuro.</p> <p>O Estado español: o sistema político, as principais institucións, a organización territorial.</p> <p>As Comunidades Autónomas: contrastes territoriais.</p>	
--	--	--

BLOQUE 2. O ESPAZO HUMANO

CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	COMPETENCIAS
--------------------------------------	---------------------------	----------------------	--------------

<p>B2.1. Coñecer a organización administrativa e territorial de España.</p>	<p>B2.1.1. Distingue nun mapa político a distribución territorial de España: comunidades autónomas, capitais, provincias e illas.</p>	<p>Analiza datos estatísticos sobre a España.</p> <p>Interpreta en mapas de España os contrastes entre as Comunidades Autónomas.</p> <p>Interpreta un gráfico da estrutura territorial do Estado.</p> <p>Clasifica o Estado español segundo a súa organización territorial.</p> <p>Distingue nun mapa político a distribución territorial de España e das diferentes Comunidades Autónomas.</p> <p>Elabora un mapa político de España.</p>	<p>CCL</p> <p>CMCCT</p> <p>CD</p> <p>CAA</p> <p>CSC</p>
<p>B2.13. Relacionar áreas de conflito bélico no mundo con factores económicos.</p>	<p>B2.13.2. Sinala áreas de conflito bélico no mapamundi e relaciónas con factores económicos.</p>	<p>Interpreta un mapa sobre o impacto do terrorismo no mundo.</p> <p>Interpreta un gráfico de gastos militares e de axuda oficial ao desenvolvemento, expresando a súa opinión.</p>	<p>CCL</p> <p>CAA</p> <p>CSC</p> <p>CSIE</p>

UNIDADE 2. O Mundo, unha economía globalizada

temporalización: dúas últimas semanas de outubro e primeira de novembro (7 sesións)

<p>CONTIDOS</p>	
-----------------	--

CONTIDOS CURRICULARES DO CURSO	CONTIDOS DA UNIDADE	CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES
<p>BLOQUE 2. O ESPAZO HUMANO</p> <p>B2.3. Sectores económicos en Europa, en España e en Galicia.</p> <p>B2.4. Sistemas económicos do mundo.</p>	<p>A actividade económica: trazos que a definen, as fases e os sectores económicos.</p> <p>Axentes económicos e factores produtivos.</p> <p>A economía actual: a globalización.</p> <p>Factores que favorecen a globalización: a liberalización dos intercambios de produtos e dos mercados financeiros, as deslocalizacións e os transportes e as novas tecnoloxías.</p> <p>Os efectos da globalización: o desenvolvemento do comercio, o crecemento das empresas multinacionais, o crecemento dos países en desenvolvemento e a globalización cultural.</p> <p>O auxe das economías emerxentes.</p> <p>A deterioración das potencias tradicionais.</p> <p>Os retos do traballo no mundo global: globalización e traballo; custos salariais e competitividade; e a persistencia dalgúns problemas.</p>	<p>B2.3. Recoñecer as actividades económicas que se realizan en Europa nos tres sectores, identificando distintas políticas económicas.</p> <p>B2.4. Coñecer as características de diversos tipos de sistemas económicos.</p>

BLOQUE 2. O ESPAZO HUMANO

CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	COMPETENCIAS
B2.3. Recoñecer as actividades económicas que se realizan en Europa nos tres sectores, identificando distintas políticas económicas.	B2.3.1. Diferencia os diversos sectores económicos europeos.	Recoñece os trazos que definen a actividade económica, as súas fases e os sectores económicos.	CCL CMCCT CAA

		<p>Interpreta nun gráfico como evolucionou o comercio internacional.</p> <p>Analiza os cambios que se produciron no sector do automóvil.</p>	CSC
B2.4. Coñecer as características de diversos tipos de sistemas económicos.	B2.4.1. Diferencia aspectos concretos e a súa interrelación dentro dun sistema económico.	<p>Diferencia aspectos concretos e a súa interrelación dentro da economía globalizada.</p> <p>Explica os contrastes entre os países desenvolvidos e os emerxentes.</p> <p>Analiza o risco de pobreza no traballo na Unión Europea.</p>	<p>CCL</p> <p>CSIEE</p> <p>CD</p> <p>CAA</p> <p>CSC</p>

UNIDADE 3. O sector primario

temporalización: as tres últimas semanas de novembro (7 sesións)

CONTIDOS		CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES
CONTIDOS CURRICULARES DO CURSO	CONTIDOS DA UNIDADE	
<p>BLOQUE 1. O MEDIO FÍSICO</p> <p>B1.1. Localización. Latitude e lonxitude.</p>	<p>A paisaxe agraria: o relevo, o tipo de solo e o clima.</p> <p>Os elementos humanos da paisaxe agraria; as parcelas; os sistemas de cultivo, a variedade de cultivos; outros elementos que definen as paisaxes agrarias.</p> <p>A agricultura das rexións desenvolvidas; características; efectos.</p>	<p>B1.1. Localizar e interpretar espazos xeográficos e lugares nun mapa ou imaxe satélite.</p>

	A agricultura das rexións en desenvolvemento; a agricultura de subsistencia, a agricultura de rozas ou itinerante; a agricultura sedentaria de secaño; a agricultura irrigada monzónica; a agricultura de plantación.	
--	---	--

CONTIDOS		CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES
CONTIDOS CURRICULARES DO CURSO	CONTIDOS DA UNIDADE	
<p>BLOQUE 2. O ESPAZO HUMANO</p> <p>B2.2. Sectores de actividade económica.</p> <p>B2.3. Sectores económicos en Europa, en España e en Galicia.</p> <p>B2.4. Sistemas económicos do mundo.</p> <p>B2.5. Aproveitamento e futuro dos recursos naturais. Desenvolvemento sustentable.</p> <p>B2.6. Recursos naturais e actividades agrarias.</p> <p>B2.7. Pesca: tipos e problemática.</p> <p>B2.13. Tensións mundiais e subdesenvolvemento. Solucións ao problema.</p>	<p>O sector primario nos nosos días.</p> <p>A paisaxe agraria: o relevo, o tipo de solo e o clima.</p> <p>Os elementos humanos da paisaxe agraria.</p> <p>A agricultura das rexións desenvolvidas.</p> <p>A agricultura das rexións en desenvolvemento: de subsistencia, de rozas ou itinerante; sedentaria de secaño; irrigada monzónica; de plantación.</p> <p>A gandaría nos nosos días, gandaría sedentaria, nómade e trashumante; gandaría extensiva e intensiva; contraste entre países.</p> <p>A pesca nos nosos días: tipos de pesca mariña, os caladoiros.</p> <p>O sector primario na Unión Europea: contrastes entre os países, Política Agrícola Común (PAC) e Política Pesqueira Común (PPC).</p> <p>O sector primario en España.</p>	<p>B2.2. Analizar os datos do peso do sector terciario dun país fronte aos do sector primario e secundario, e extraer conclusións.</p> <p>B2.3. Recoñecer as actividades económicas que se realizan en Europa nos tres sectores, identificando distintas políticas económicas.</p> <p>B2.4. Coñecer as características de diversos tipos de sistemas económicos.</p> <p>B2.5. Entender a idea de desenvolvemento sustentable e as súas implicacións.</p> <p>B2.6. Localizar os recursos agrarios e naturais no mapa mundial.</p> <p>B2.7. Explicar e localizar os tipos de pesca e os seus problemas.</p> <p>B2.13. Relacionar áreas de conflito bélico no mundo con factores económicos.</p>

	<p>As paisaxes agrarias españolas; a paisaxe da España húmida; a paisaxe mediterránea cálida; a paisaxe mediterránea fresca; a paisaxe agraria canaria; a paisaxe da montaña húmida.</p> <p>O sector primario en Galicia: a agricultura, a gandaría, a pesca e a explotación forestal.</p>	
--	--	--

BLOQUE 1. O MEDIO FÍSICO

CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	COMPETENCIAS
B1.1. Localizar e interpretar espazos xeográficos e lugares nun mapa ou imaxe satélite.	B1.1.1. Clasifica e distingue tipos de mapas e imaxes satélite.	Interpreta distintos tipos de mapas, identificando datos xeográficos, topográficos e de características xerais da superficie.	CAA CMCCT CCL CD

BLOQUE 2. O ESPAZO HUMANO

CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	COMPETENCIAS
B2.2. Analizar os datos do peso do sector terciario dun país fronte aos do sector primario e secundario, e extraer conclusións.	B2.2.1. Compara a poboación activa de cada sector en diversos países e analiza o grao de desenvolvemento que amosan estes datos.	Analiza como evolucionou a poboación ocupada no sector primario na Unión Europea.	CCL CMCCT CD CAA CSC
B2.3. Recoñecer as actividades económicas que se realizan en Europa nos tres sectores,	B2.3.1. Diferencia os sectores económicos europeos.	Busca información, identifica, e explica as diferenzas entre os diferentes sistemas económicos,	CCL CMCCT CAA

identificando distintas políticas económicas.		tendo en conta a lei da oferta e a demanda.	CSC
B2.4. Coñecer as características de diversos tipos de sistemas económicos.	B2.4.1. Diferencia aspectos concretos e a súa interrelación dentro dun sistema económico.	Interpreta textos, gráficos e imaxes que relacionan a economía coa agricultura, a gandaría e a pesca. Diferencia aspectos concretos das paisaxes agrarias, dos cultivos e das técnicas agrícolas e a súa interrelación dentro dun sistema económico.	CCL CMCCT CD CAA CSC
Nalgúns aspectos da área, o **traballo en grupo colaborador** achega, ademais do adestramento de habilidades sociais básicas e enriquecemento persoal desde a diversidade, unha ferramenta perfecta para discutir e afondar en contidos dese aspecto.

Por outro lado, cada alumno parte dunhas potencialidades que definen as súas intelixencias predominantes, enriquecer as tarefas con actividades que se desenvolvan desde a **teoría das intelixencias múltiples** facilita que todos os escolares poidan chegar a comprender os contidos que pretendemos adquirir para o desenvolvemento dos obxectivos de aprendizaxe.

Na área de Xeografía e Historia é indispensable a **vinculación a contextos reais**, así como xerar posibilidades de aplicación dos contidos adquiridos. Para iso, as tarefas competenciais facilitan este aspecto, que se podería complementar con proxectos de aplicación dos contidos.

7.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Os materiais cos que profesorado e alumnado traballarán nesta materia son os seguintes:

- Libro de texto: Xeografía e Historia. Serie Descubre. Proxecto Saber Facer. Ed.

Santillana.

Mapas, textos, gráficas e fotografías de carácter histórico e xeográfico.

Material audiovisual relacionado coa xeografía e coa historia.

Na aula dispónse de ordenador e proxector, con conexión a internet.

Internet e material dixital.

8.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN. PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS

Cráterios de cualificación

A cualificación da materia obtense segundo a seguinte fórmula:

$$\text{CUALIFICACIÓN} = (\text{Probas escritas} \times 0,8) + (\text{Actividades} \times 0,1) + (\text{Actitude} \times 0,1)$$

As cualificacións aparecerán nunha escala numérica sen decimais do 1 ó 10, sendo o número enteiro o número da cualificación (isto é, entre 5,00 e 5,99 a cualificación é de 5). No caso de realizarse máis dunha proba por avaliación farase a media ponderada. No caso de que un alumno ou alumna non acade unha avaliación positiva na avaliación ordinaria e teña que ser examinado na extraordinaria, será cualificado por unha proba escrita que conformará o 100% da súa cualificación final.

Dentro das **actividades** terase en conta o seguinte:

– A cualificación das actividades é a media ponderada de todas as actividades realizadas durante o trimestre.

– A non realización dunha actividade, tanto na aula como no caderno, pódese reflexar na ficha de aula como un negativo.

–Ao final do trimestre revisaranse os cadernos e a participación na Aula Virtual.

Dentro da **actitude** terase en conta o seguinte:

– O respecto ás normas da clase, o cumprimento do Protocolo COVID-19 e a curiosidade e interese pola materia.

Instrumentos de avaliación e criterios de corrección e puntuación

Un **instrumento de avaliación** é todo o que vale para avaliar ó alumnado. Para avaliar a materia poderán utilizarse os seguintes instrumentos, que dividiremos en tarefas e exames:

TAREFAS

- Actividades realizadas polo alumnado durante a actividade diaria e recollidas no caderno de clase ou portfolio dixital.
- Traballos de investigación e confección de catálogos ou fichas, individuais ou en grupo. Terase en conta a calidade dos proxectos, a variedade das fontes, o rigor científico, a entrega no prazo indicado, a capacidade de análise e síntese e a capacidade crítica.
 - * Dada a experiencia durante o terceiro trimestre do curso 2019/2020, en canto aos traballos feitos en grupo ou individualmente, ou o traballo na aula (ou casa), toda produción ou traballo entregado polo alumnado que presente indicios de ser copiado ou de elaboración non propia levará unha cualificación de cero (0).

EXAMES

- Preguntas curtas e de tipo tema.
- Cuestionarios orais e escritos de mapas físicos e políticos (Galicia, España e os continentes). Terase en conta a capacidade discursiva, o rigor científico e a linguaxe empregada
- Comentarios e preguntas sobre gráficos, mapas e imaxes das obras de arte máis características de cada período.

Os criterios de corrección e puntuación é o modo no que se corríxen ditos instrumentos. Tendo en conta que o criterio de corrección é “como corríxo” e que os criterios de puntuación son “como puntuo” (canto vale cada pregunta nunha proba, que aparecerá indicado na mesma e para que o disporán dos 50 minutos de clase), o departamento de Xeografía e Historia considera imprescindible á hora de cualificar unha proba a elaboración dun indicador de logro ou rúbrica para cada un dos estándares de aprendizaxe. Con este referente pódese avaliar a corrección na contestación, o axuste ao enunciado, sen divagacións. Valorarase segundo a

rúbrica ou grupo de rúbricas todos os instrumentos de avaliación. Ademais descontarase 0,25 por cada cinco faltas de ortografía.

Os intentos de engano, fraude ou copia na realización dunha proba implican que o alumno ou alumna acade a nota mínima na mesma.

Os elementos restantes (criterios e estándares) son prescriptivos.

Promoción, recuperación e avaliación continua

A LOMCE recórdanos que a avaliación na ESO debe ser continua e diferenciada por materias. Tendo en conta isto establécese o seguinte:

Se un alumno ou alumna non acada unha cualificación positiva nunha avaliación poderá presentarse a unha **recuperación** ao final do derradeiro trimestre. Ao final do curso, en xuño, haberá unha recuperación final na que os que teñan algunha avaliación suspensa poderán examinarse dela. O alumno ou alumna debe acadar polo menos un 5 para superala.

A cualificación final será a media das tres avaliacións sempre e cando sexa igual ou superior á acadada no terceiro trimestre.

Considérase que **promocionará** ao seguinte curso na materia de Xeografía e Historia o alumnado que acade unha cualificación mínima de 5 puntos ao facer media das tres avaliacións. Para calcular esta media é requisito imprescindible ter aprobadas as tres avaliacións antes da avaliación final de xuño. Así mesmo, promocionarán todos aqueles que en setembro consigan unha nota mínima de 5 puntos na convocatoria extraordinaria, atendendo aos criterios específicos que se detallan a continuación.

Aquel alumnado que suspenda a materia na convocatoria de xuño terá que presentarse á proba extraordinaria de **setembro** e será cualificado por unha proba escrita que conformará **o 80% da súa cualificación global** tendo que presentar o caderno de actividades propostas no Plan Estival como medida de reforzo e recuperación. Este caderno será valorado con ata **o 20% da cualificación global**.

Finalmente, cómpre sinalar que os procedementos indicados poderán ser realizados, tanto de maneira presencial como virtual, dependendo dos distintos escenarios que establezan as autoridades sanitarias e educativas (presencial, semipresencial e/ou non presencial).

9.- AVALIACIÓN INICIAL

Realizarase unha proba de coñecementos previos nas primeiras semanas de clase, co obxectivo de dar luz sobre o nivel dos alumnos, e desta maneira poder descubrir casos que precisen dunha mellor atención. Así como coñecer o nivel medio, para establecer estratexias educativas adaptadas a cada grupo; por iso a proba debe ser persoal e individual pero non cualificable na nota das avaliacións, os resultados son unicamente orientativos, e influirán nos métodos aplicables na docencia a nivel xeral, na selección de alumnos para actividades de reforzo ou apoio, e para identificar casos nos que fose necesario elaborar unha adaptación curricular.

Ademais levaremos a cabo as seguintes accións: a) Análise dos informes de avaliación individualizados do curso anterior. b) Detección das aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso 2019/2020, así como a súa correspondencia coa falta do desenvolvemento das correspondentes competencias clave.

Neste período inicial, mediante observación directa nas clases, tamén se recollerá información das peculiaridades da forma de aprender de cada alumno/a (habilidades, estratexias e destrezas desenvolvidas, é dicir, manexo de procedementos) así como información sobre o grao de integración social do alumno/a (consigo mesmo, cos compañeiros e compañeiras e co profesorado). A partir da avaliación inicial, e sempre que se considerase necesario, faranse axustes curriculares no desenvolvemento da materia, de maneira que o alumnado recupere as aprendizaxes imprescindibles non adquiridos no curso 2019/2020, e se garanta a consolidación, adquisición, reforzo ou apoio das mesmas.

10.- INDICADORES DE AVALIACIÓN DO PROCESO DO ENSINO

A resposta das seguintes **preguntas servirá para reflexionar sobre a miña actuación** cos alumnos.

Aspectos do proceso de ensino e da práctica docente a valorar		1	2	3	4	5
Os alumnos traballan da seguinte	De forma individual					
	Por parellas					
	En pequeno grupo					

maneira	En gran grupo					
Os exercicios que propoño son do seguinte tipo	Cerrados e ríxidos (do libro)					
	Abertos, procedimentais, proxectos					
	Facilitan o traballo cooperativo					
Na metodoloxía que aplico	Utilizo ferramentas TIC					
	Facilito o aprendizaxe autónomo					
	Baséome nas explicacións teóricas do libro					
Como paso as horas lectivas?	Poñendo silencio					
	Impartindo teoría e explicacións					
	Guiando ós alumnos no seu traballo					
	Observando					
	Correxindo					
Grao de motivación do alumnado						
Grao de participación das familias						

Indicadores de logro para avaliar a programación didáctica.

A resposta das seguintes preguntas servirá para reflexionar sobre a funcionalidade desta programación:

Aspectos da programación a valorar	1	2	3	4	5
Adecuación dos materiais utilizados					
Adecuación da planificación					
Medidas de atención á diversidade					
Uso das TIC					
Inclusión de temas transversais					

Actividades de carácter interdisciplinar					
---	--	--	--	--	--

11.- MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE

Terase en conta o tratamento da diversidade do alumnado con respecto ós diferentes ritmos de aprendizaxe, polo que orientarase a intervención en función desta variedade. Daquela, empregaranse recursos básicos para desenvolver distintas estratexias de ensino para facilitar as aprendizaxes do alumnado en función das súas necesidades concretas. Isto esixe un tratamento en diferentes niveis de profundidade dos contidos, tendo en conta que o texto expositivo e as actividades de síntese desenvolverán os contidos básicos da unidade.

Segundo o resultado das **avaliación inicial** proporanse actividades individualizadas de repaso e/ou reconducción a desenvolver na aula e no fogar.

Ademais elaboraranse actividades que terán distintos niveis de dificultade e incluíranse actividades de reforzo e de ampliación para cada un dos temas que conforman o libro de cada alumno

12.- ELEMENTOS TRANSVERSAIS

En cada unha das unidades didácticas descritas nesta programación foise facendo referencia ao tratamento concreto dunha serie de aspectos transversais. Polo tanto agora non queda máis que facer un resume global, e en conxunto, deses temas respecto da globalidade da materia. Xa que logo estes son os temas transversais e a súa presenza e tratamento na programación de Xeografía e Historia de 3º ESO.

1) COMPRENSIÓN LECTORA:

Fundamentalmente proporase en cada unidade didáctica a lectura dun texto relacionado cos contidos a traballar. Asemade nalgúns casos pedirase a elaboración de redaccións sobre algún dos aspectos tratados no tema.

A lectura dos textos será individual, pero tamén en grupo. Ao remate da mesma proporase a realización de debates coa finalidade de avaliar a comprensión do texto.

1) **EXPRESIÓN ORAL E ESCRITA:** En relación co aspecto anterior e complementándoo, proporase a redacción de textos e a exposición oral de traballos sobre eses textos ou outros distintos. En todo caso cada un deles relacionado coa materia explicada.

2) **COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL:**

Xunto coas novas tecnoloxías e un aspecto moi importante no traballo na clase. Aproveitando os fondos audiovisuais cos que conta o centro, máis aqueles outros aos que se pode acceder por internet, as explicacións do libro de texto e do material escrito co que se traballa, complementarase co visionado de películas, documentais e/ou reportaxes sobre os temas obxecto de estudo.

3) **TRATAMENTO DAS TIC:**

Van ser un aspecto moi importante desde o punto de vista metodolóxico porque supoñen unha ferramenta moi importante, non só para a procura de información ou para a adquisición de materiais audiovisuais existente na Rede, senón tamén para a elaboración de traballos, presentación, gráficas mediante o uso das novas tecnoloxías. Así permitirase ao alumnado o coñecemento de programas informáticos útiles para traballar cos materiais de xeografía e historia.

4) **EMPRENDEMENTO:**

Con este tema transversal o que se busca é conseguir que o alumnado se mostre interesado por aquelas actividades que poñan de manifesto a súa capacidade creativa e innovadora á hora de levar a cabo proxectos emprendedores en relación non só coa xeografía senón tamén coa historia.

5) **EDUCACIÓN CÍVICA E CONSTITUCIONAL:**

O estudo da xeografía e da historia permite achegarse ao coñecemento doutras culturas distintas, xa no tempo, xa no espazo, polo que o alumnado aprende normas cívicas, de comportamento sobre todo o respecto pola cultura diferente da propia e polos dereitos dos demais. Así pois é un valor importante a transmitir a través do coñecemento xeográfico e histórico, que en ningún caso pode quedar de lado.

13.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E

EXTRAESCOLARES

Debido á situación actual non está prevista ningunha actividade extraescolar, en cambio si que poderemos aproveitar algunha actividade complementaria que se organice no centro e que teña relación cos contidos desta materia.

14.- MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E

MODIFICACIÓN DA PDA.

O seguimento, avaliación e, se é o caso, modificación desta programación, farase nas reunións do departamento. Principalmente nas que se celebren a comezos de trimestre, nelas, ademais de valorar os resultados académicos do alumnado, observarase o cumprimento dos contidos e demais aspectos programados, para que, de ser preciso, proceder ás modificacións requiridas.

Polo tanto, a revisión da programación didáctica é un proceso de seguimento continuo, coa finalidade de permitir calquera modificación sen ter que esperar ao final do curso. Está claro que calquera modificación será comunicada ao alumnado para que teñan coñecemento dela. Con todo, ao remate do curso o departamento fará unha avaliación final da programación que pasará a estar recollida na memoria final.

15.- ANEXO SECCIÓN BILINGÜE 3º ESO

Conforme a Orde do 12 de maio de 2011 (DOG do 20 de maio) que regula o funcionamento das seccións bilingües, compre facer unha serie de engadidos á programación que con carácter xeral se deseña para 3º de ESO. Hai que ter en conta que o alumnado de sección bilingüe ten o mesmo currículo que o resto de alumnos deste nivel, polo que neste anexo figurarán tan só aqueles aspectos que consideramos que deben estar diferenciados dadas as características especiais do grupo que segue o ensino das Ciencias Sociais en bilingüe (galego-inglés). Fundamentalmente estes aspectos van estar referidos a obxectivos, avaliación e actividades.

Xa que logo, velaí os aspectos concretos que require o grupo de bilingüe en canto

1 programación didáctica:

OBXECTIVOS

Mellora no manexo da lingua inglesa, tanto a nivel escrito como tamén oral.

Ampliación do vocabulario en inglés.

Adquisición de vocabulario específico das Ciencias Sociais en inglés.

MATERIAIS DIDÁCTICOS

O libro de texto é “Geography and History 3” de Editorial Santillana-Richmond.

Ao igual que nos grupos non bilingües tamén se empregarán como recursos:

- 1 Mapas, textos, gráficas e fotografías de carácter histórico e xeográfico.
- 2 Material audiovisual relacionado coa xeografía e coa historia.

3 Na aula dispónse de ordenador e proxector, con conexión a internet.

4 Internet e material dixital.

TEMPORALIZACIÓN

A diferenza do programado para os grupos non bilingües a distribución dos temas ao longo dos tres trimestres vai cambiar, e será a que atenda ao seguinte esquema:

1º Trimestre: das unidades 1 a 5. É dicir o estudo da cartografía dos 5 continentes, que se distribuirá ao longo dos tres trimestres, máis o estudo da poboación, do urbanismo e os sectores primario e secundario.

2º Trimestre: unidades 6 a 9, que segundo o libro de texto en inglés son as do sector servizos, desenvolvemento, sustentabilidade medioambiental e a época dos descubrimentos.

3º Trimestre: temas 10 a 12. ou o que é o mesmo o Renacemento, o imperio español e o Barroco.

AVALIACIÓN

Aínda que a finalidade do proxecto é que os alumnos melloren as súas capacidades de desenvolvemento en inglés a través da aprendizaxe das Xeografía e Historia, isto non debe facer esquecernos que o obxectivo primeiro é que adquiran e dominen contidos propios da materia de Xeografía e Hª. Por iso os criterios de avaliación son os mesmos que para o resto de 3º de ESO, tan só introduciremos os seguintes cambios no que respecta ao sistema de exames.

Haberá dous exames por avaliación, conforme ao seguinte modelo:

Unha pregunta de verdadeiro ou falso (1 punto)

Definición de conceptos (1 punto)

Relacionar conceptos (1 punto)

Localizar accidentes xeográficos (1'5 puntos)

Localizar países e capitais (1'5 puntos)

Unha pregunta sobre os datos dunha gráfica, fotografía, mapa (2 puntos).

Unha pregunta de respostas múltiples para elixir a correcta , ou seguindo o modelo de “fill the gaps” (2 puntos)

Responder a maior cantidade de preguntas totalmente en inglés suporá a posibilidade de obter unha cualificación máis alta no exame.

Hai que ter un caderno de Xeografía e Historia que revisaremos polo menos unha vez por avaliación.

Realización de traballos empregando as novas tecnoloxías.

Terá carácter voluntario a lectura de libros en inglés relacionados coa materia.

A cualificación final obterémola a partir do seguinte esquema, tendo en conta a valoración de todo o anterior:

A nota media dos exames é o **70 %** da nota de avaliación.

O caderno de clase é un **10 %**.

O comportamento e o traballo de clase outro **20 %**

Se se ten algún negativo por non facer traballos ou deberes, este descontará 0'25 da nota final.

Unha cualificación de 0 na media dos exames ou no caderno de clase suporá o suspenso na avaliación.

Recuperación de avaliacións suspensas:

Os alumnos que suspendan 1 avaliación poderán facer un exame de recuperación da mesma no terceiro trimestre. Se ao final de curso alguén ten unha avaliación suspensa poderá facer unha última recuperación da mesma. Ter dúas ou máis avaliacións suspensas ao final de curso suporá que a recuperación final será de toda a materia explicada no curso.

En setembro examinaranse todos aqueles non aprobados en xuño. Dadas as características especiais do grupo o exame non será o mesmo que o do resto de alumnado deste nivel. Ao alumnado coa materia pendente para setembro facilitaráselle un Plan de Recuperación estival que consistirá no seguinte:

Realización das actividades propostas nun caderniño, que repasará os contidos dados ao longo do curso. A puntuación obtida será un 20 % da nota da proba extraordinaria.

Un exame sobre a materia explicada ao longo do curso. A nota representará o 80 % da cualificación de setembro.

Un 0 en algún dos apartados anteriores suporá o suspenso da materia, independentemente da nota acadada no outro apartado.

ACTIVIDADES

Elaboración de actividades empregando as TIC:

Na clase as explicacións teóricas quedan complementadas polo libro dixital e por outros materiais que están a disposición dos alumnos na aula virtual do centro. Deste xeito o alumnado poderá consultar as dúbidas e realizar as tarefas desde calquera espazo con conexión a Internet.

Realización das tarefas propostas no libro de texto.

Asistente lingüística:

O centro conta cunha asistente lingüística este curso, que ten previsto incorporarse a partires do 1 de outubro. Unha vez a semana asistirá a clase cos alumnos para colaborar no desenvolvemento da mesma, sobre todo no aspecto oral.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA 4º ESO

Contido

1.- INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

2.- CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

3.- OBXECTIVOS

4.- ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

5.- CONTIDOS E CONCRECIÓNS DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

6.- CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

7.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

8.- CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN, AVALIACIÓN E PROMOCIÓN. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS

9.- AVALIACIÓN INICIAL

10.- INDICADORES DE AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

11.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

12.- ELEMENTOS TRANSVERSAIS

13.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

14.- MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN

1.- INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

O coñecemento da sociedade, a súa organización e funcionamento ao longo do tempo é esencial para poder entender o mundo actual. Con todo a sociedade actual, cada vez máis complexa, require da intervención doutras disciplinas, como a Economía, a Socioloxía, a Ecoloxía ou a Historia da arte, que achegan análises diferentes e complementarias para a mellor comprensión da realidade social. Na ESO, a materia de Historia pretende profundar nos coñecementos adquiridos polos estudantes na Educación Primaria e Secundaria, favorecer a comprensión dos acontecementos, procesos e fenómenos sociais no contexto en que se producen, analizar os procesos que dan lugar aos cambios históricos e seguir adquirindo as competencias necesarias para comprender a realidade do mundo en que viven, as experiencias colectivas pasadas e presentes, a súa orientación no futuro, así como o espazo en que se desenvolve a vida en sociedade.

No contexto espacial e socioeconómico no que vive o alumnado do CPI Tino Grandío é moi importante para a súa formación como persoas entender tódolos procesos que se dan precisa de coñecer a historia do concello de Guntín e a comarca de Lugo, e entendela como parte da historia de Galicia, de España e de Europa como ámbitos máis próximos. Interesa que desa historia o alumnado sexa capaz de comprender os acontecementos contemporáneos, séculos XIX e XX, como aqueles que mías axudaron a formar a sociedade na vivimos actualmente. Xa que logo o currículo céntrase nos feitos históricos acaecidos no mundo e tamén en España e Galicia durante estes dous últimos séculos.

O curso está dividido en dous grupos de 8 e 10 alumnos.

2.- CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

Na descrición do modelo competencial inclúese o marco de descritores competenciais, no que aparecen os contidos reconfigurados desde un enfoque de aplicación que facilita o adestramento das competencias; recordemos que estas non se estudan, nin se ensinan: adéstranse. Para iso, é necesaria a xeración de tarefas de aprendizaxe que lle permita ao alumnado a aplicación do coñecemento mediante metodoloxías de aula activas

Abordar cada competencia de xeito global en cada unidade didáctica é imposible; debido a iso, cada unha destas divídese en **indicadores de seguimento** (entre dous e cinco por competencia), grandes piares que permiten describirla dun xeito máis preciso; dado que o carácter destes é aínda moi xeral, o axuste do nivel de concreción esixe que os devanditos indicadores se dividan, á súa vez, no que se denominan **descritores da competencia**, que serán os que «describan» o grao competencial do alumnado. Por cada indicador de seguimento encontraremos entre dous e catro descritores, cos verbos en infinitivo. En cada unidade didáctica cada un destes descritores concrétese en **desempeños competenciais**, redactados en terceira persoa do singular do presente de indicativo. O desempeño é o aspecto específico da competencia que se pode adestrar e avaliar de xeito explícito; é, polo tanto, concreto e obxectivable. Para o seu desenvolvemento, partimos dun marco de descritores competenciais definido para o proxecto e aplicable a todas as materias e cursos da etapa.

Respectando o tratamento específico nalgunhas áreas, os **elementos transversais**, tales como a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional, traballaranse desde todas as áreas, posibilitando e fomentando que o proceso de ensinanza-aprendizaxe do alumnado sexa o máis completo posible.

Por outra parte, o desenvolvemento e a aprendizaxe dos **valores**, presentes en todas as áreas, axudarán a que os nosos alumnos e alumnas aprendan a desenvolverse nunha sociedade ben consolidada na que todos poidamos vivir, e en cuxa construción colaboren.

A diversidade dos nosos alumnos e alumnas, cos seus estilos de aprendizaxe diferentes, hanos de conducir a traballar desde as **diferentes potencialidades** de cada un deles, apoiándonos sempre nas súas fortalezas para poder dar resposta ás súas

necesidades. Na área de Xeografía e Historia, incidiremos no adestramento de todas as competencias de xeito sistemático, facendo fincapé nos descritores máis afíns á área.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

Esta área, como parte integrante das ciencias sociais, utiliza ferramentas que serven para describir, interpretar e predicir distintos fenómenos no seu contexto. Polo tanto, estas competencias desenvolveranse co uso de nocións estatísticas básicas, escalas numéricas e gráficas, operacións matemáticas sinxelas, representacións gráficas, selección de fontes de información, contraste de datos... En definitiva, o alumno ou a alumna será consciente de que os coñecementos matemáticos, científicos e tecnolóxicos teñen unha aplicabilidade real e funcional en moitos aspectos da súa propia realidade, capacitándoo para afrontar e resolver problemas da súa vida cotiá.

Así pois, traballaremos os seguintes descritores competenciais:

Tomar conciencia dos cambios producidos polo ser humano no medio natural e as repercusións para a vida futura.

Desenvolver e promover hábitos de vida saudable en canto á alimentación e ao exercicio físico.

Aplicar métodos científicos rigorosos para mellorar a comprensión da realidade circundante en distintos ámbitos (biolóxico, xeolóxico, físico, químico, tecnolóxico, xeográfico...).

Manexar os coñecementos sobre ciencia e tecnoloxía para solucionar problemas, comprender o que acontece ao noso arredor e responder preguntas.

Comprender e interpretar a información presentada en formato gráfico.

Expresarse con propiedade na linguaxe matemática.

Comunicación lingüística

A materia de Xeografía e Historia intervén no desenvolvemento da Competencia lingüística en varios aspectos: en primeiro lugar, a través do coñecemento e do uso correcto do vocabulario específico da materia, para construír un discurso preciso e expresalo de xeito oral ou escrito; en segundo lugar, ao utilizar diferentes variantes do discurso, asociado aos contidos, en especial, a descrición, a narración e a argumentación; en terceiro lugar, grazas á lectura comprensiva e a interpretación de textos ou o comentario de imaxes, para potenciar o uso da linguaxe icónica. Por outra parte, esta materia está intrinsecamente relacionada coa busca de información, tanto en fontes orais como escritas, e a propia construción do coñecemento a través dun proceso que vai desde a información ata as interpretacións explicativas. É importante que o correcto uso do vocabulario da materia, adquirido e precisado durante a etapa de Secundaria, se afiance e se incorpore á linguaxe habitual do alumnado.

Polo tanto, destacaremos os descritores seguintes:

Utilizar o vocabulario adecuado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos e orais.

Entender o contexto sociocultural da lingua, así como a súa historia para un mellor uso desta.

Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación.

Producir textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiás ou en materias diversas.

Competencia dixital

A Competencia dixital é fundamental para que o alumnado comprenda os fenómenos xeográficos, sociais e culturais, e que saiba traballar coa información (obtención, selección, tratamento, análise...), procedente de moi diversas fontes, tanto tradicionais, coma

audiovisuais e dixitais, e non todas co mesmo grao de fiabilidade e obxectividade. Por iso, a información obtida debe ser analizada desde parámetros esixentes, a comparación exhaustiva e crítica das fontes. A obtención e tratamento dixital da información require, ademais, unha serie de coñecementos e habilidades que son necesarios para que o alumnado se desenvolva e sexa competente nun ámbito dixital. Do mesmo modo, preténdese que o alumno ou a alumna cree contidos dixitais en distintos formatos, á vez que desenvolve unha actitude responsable respecto ás limitacións e a seguridade do uso das novas tecnoloxías da información.

Para iso, nesta área, traballaremos os seguintes descritores da competencia:

Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade.

Elaborar e publicitar información propia derivada de información obtida a través de medios tecnolóxicos.

Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.

Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria.

Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.

Conciencia e expresións culturais

A relevancia dos feitos culturais e artísticos nos contidos desta materia é o que pon de manifesto a importancia desta competencia. O alumnado poderá coñecer e comprender as obras artísticas e culturais máis significativas na historia da humanidade. Obxectivo fundamental é que, a través da observación minuciosa da obra artística, valore e se sensibilice cara a todo o artístico e cultural. O interese, aprecio e respecto polo patrimonio cultural e artístico convértese no elemento fundamental do desenvolvemento desta competencia que lle permite desenvolver un espírito crítico e lle facilita ao alumno ou a alumna a comprensión da relación entre as manifestacións artísticas, os feitos históricos e as sociedades que as crean.

Polo que nesta área, traballaremos os seguintes descritores:

-Mostrar respecto cara ao patrimonio cultural mundial nas súas distintas vertentes (artístico-literaria, etnográfica, científico-técnica...), e cara ás persoas que contribuíron ao seu desenvolvemento.

-Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.

-Apreciar os valores culturais do patrimonio natural e da evolución do pensamento científico.

-Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.

Competencias sociais e cívicas

A Competencia social e cívica é primordial para abordar a materia de Xeografía e Historia, xa que comprender a ardua e cambiante realidade social é un dos aspectos principais dos seus contidos. O coñecemento de diferentes realidades sociais ao longo do tempo fai que sexa ineludible a súa comparación coa realidade actual, e favorece que o alumnado comprenda que estas realidades se van forxando ao longo do tempo, e que, por iso mesmo, poden cambiar, polo que debe ser tolerante coas que se producen no seu ámbito e noutros ámbitos diferentes ao seu. O alumno ou a alumna asimila que vive nunha sociedade cada vez máis plural e globalizada, na que convive con culturas diferentes.

Esta competencia permite que o alumnado poña en práctica os coñecementos aprendidos, aplicándoos ao seu ámbito social e converténdoo nun cidadán ou unha cidadá activo ou activa capaz de dar resposta aos problemas e fenómenos da súa realidade social, interactuando con outras persoas e grupos, favorecendo a tolerancia e o respecto a todos á vez que desenvolve o talante democrático.

Para iso, adestraremos os seguintes descritores:

-Coñecer as actividades humanas, adquirir unha idea da realidade histórica a partir de distintas fontes, e identificar as implicacións que ten vivir nun Estado social e democrático de dereito referendado por unha constitución.

-Aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola.

-Desenvolver a capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos.

-Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.

-Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela.

-Involucrarse ou promover accións cun fin social.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

A participación activa do alumno ou a alumna nos procesos de toma de decisións que afecten a súa aprendizaxe favorece a toma de conciencia deste no que se refire ao seu protagonismo no seu proceso de ensinanza-aprendizaxe. Trátase de potenciar a súa capacidade de transformar as súas ideas en accións, actuando con criterio e

determinación, tomando decisións e asumindo os riscos e as consecuencias futuras destas decisións.

O alumnado deberá adestrar a capacidade de liderar con responsabilidade procesos e traballos cooperativos, actuando con responsabilidade nos seus hábitos cotiáns e no seu ámbito familiar e escolar.

Os descritores que adestraremos son:

-Optimizar recursos persoais apoiándose nas fortalezas propias.

-Xestionar o traballo do grupo coordinando tarefas e tempos.

-Contaxiar entusiasmo pola tarefa e ter confianza nas posibilidades de alcanzar obxectivos.

-Priorizar a consecución de obxectivos grupales sobre os intereses persoais.

-Configurar unha visión de futuro realista e ambiciosa.

-Encontrar posibilidades no ámbito que outros e outras non aprecian.

-Actuar con responsabilidade social e sentido ético no traballo.

Aprender a aprender

A Competencia en aprender a aprender permite que o alumnado dispoña de habilidades ou de estratexias que lle faciliten a aprendizaxe ao longo da súa vida (busca, organización e recuperación da información...), e que desenvolva a súa curiosidade por adquirir novos coñecementos, capacidades e actitudes que lle permitan desenvolverse e crecer como persoa. Neste sentido, esta materia debe fomentar no alumnado o desexo de indagar no pasado, no seu ámbito e analizar e interpretar os fenómenos xeográficos, históricos e culturais para dar respostas ás formulacións do ser humano, á vez que desenvolve a súa capacidade de aprender a aprender de xeito autónomo e permanente. Presupón tamén que poida adaptarse crítica e reflexivamente aos cambios que poidan producirse na súa vida, é dicir, que lles aplique similares instrumentos aos que empregou na análise da realidade social (histórica e xeográfica) ao longo desta etapa de Secundaria obrigatoria.

Traballaremos os seguintes descritores de xeito prioritario:

-Xestionar os recursos e as motivacións persoais en favor da aprendizaxe.

-Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente...

-Planificar os recursos necesarios e os pasos que se han de realizar no proceso de aprendizaxe.

-Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios.

-Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.

-Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.

3.- OBXECTIVOS

Analizar as características do «Antigo Réxime» desde distintas perspectivas.

Reflexionar sobre os avances da revolución científica dos séculos XVII e XVIII.

Analizar o movemento cultural e social en Europa e América coa Ilustración.

Identificar e comprender os distintos procesos revolucionarios nos EEUU, Francia, e España, afondando nos feitos que os motivaron, o seu alcance e as súas limitacións.

Entender as causas da Revolución Francesa e describir os feitos máis relevantes.

Comprender a evolución de España e Galicia a través dos cambios económicos provocados pola industrialización do país, afondando nos avances e sacrificios e/ou proles e contras deste proceso.

Afondar no imperialismo, a súa evolución, as potencias imperialistas e a repartición de poderes no mundo.

Identificar os aspectos principais da interconexión entre a «Gran Guerra» e a Revolución Rusa.

Identificar os avances científicos e tecnolóxicos do século XIX.

Recoñecer no Romanticismo a orixinalidade de movementos artísticos como o impresionismo, expresionismo, etc.

Analizar os acontecementos, fitos e procesos ocorridos no período de entreguerras.

Afondar nas causas que provocaron o auxe dos fascismos.

Coñecer os feitos e contextos dos distintos acontecementos bélicos.

Identificar os feitos máis importantes da descolonización de posguerra no século

XX.

Identificar as bases do estado do «Welfare State» en Europa.

Analizar a Guerra Fría desde as relacións entre EE.UU. e a URSS.

Reflexionar sobre a evolución da ditadura en España e Galicia..

Interpretar a repercusión mundial da crise económica.

Analizar as causas e consecuencias do derrubamento da URSS.

Comprender o proceso de constitución da Unión Europea.

Coñecer e identificar algúns factores da globalización.

Recoñecer o que supuxo a revolución tecnolóxica e os cambios fundamentais que provocou.

Valorar o legado histórico, recoñecendo a súa influencia no que temos no presente.

4.- ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

O currículo da área de Xeografía e Historia agrúpase en varios bloques.

Na súa redacción, respectarase a numeración dos estándares de aprendizaxe tal e como aparece no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria polo que se establece para a **Comunidade Autónoma de Galicia** o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria.

A partires deles o alumnado deberá adquirir uns coñecementos e destrezas básicas que lle permitan adquirir unha cultura social; os alumnos e alumnas deben identificarse como axentes activos e recoñecer que das súas actuacións e coñecementos dependerá o desenvolvemento do seu ámbito.

Explicar as características do Antigo Réxime nos seus sentidos político, social e económico.

Coñecer o alcance da Ilustración como novo movemento cultural e social en Europa e en América.

Coñecer os avances da revolución científica desde os séculos XVII e XVIII.

Comprender o alcance e as limitacións dos procesos revolucionarios dos séculos XVIII e XIX.

Identificar os principais feitos das revolucións liberais burguesas en Europa e América nos séculos XVIII e XIX.

Describir os feitos salientables da Revolución Industrial e o seu encadeamento causal.

Analizar as vantaxes e os inconvenientes de ser un país pioneiro nos cambios.

Entender o concepto de progreso, e os sacrificios e os avances que leva consigo.

Analizar a evolución dos cambios económicos en España e en Galicia, a raíz da industrialización parcial do país.

Coñecer os principais avances científicos e tecnolóxicos do século XIX, e a súa relación coas revolucións industriais.

Identificar as potencias imperialistas e a repartición de poder económico e político no mundo no derradeiro cuarto do século XIX e no principio do XX.

Establecer xerarquías causais (aspecto e escala temporal) da evolución do imperialismo.

Coñecer os principais acontecementos da Gran Guerra, as súas interconexións coa Revolución Rusa e as consecuencias dos tratados de Versalles.

Esquematizar a orixe, o desenvolvemento e as consecuencias da Revolución Rusa.

Relacionar movementos culturais como o romanticismo, en distintas áreas, e recoñecer a orixinalidade de movementos artísticos como o impresionismo, o expresionismo e outros "ismos" en Europa.

Coñecer e comprender os acontecementos, os feitos e os procesos máis importantes do período de entreguerras, e a súa conexión co presente, e estudar a xerarquía causal nas explicacións históricas sobre esta época.

Analizar as causas do auge dos fascismos en Europa.

Coñecer as tensións que levaron en España á proclamación da II República e ao estoupido da Guerra Civil.

Coñecer as causas da II Guerra Mundial.

Coñecer os principais feitos da II Guerra Mundial, diferenciar as escalas xeográficas nesta guerra (europea e mundial) e entender o concepto de guerra total.

Entender o contexto en que se desenvolveu o Holocausto na guerra europea e as súas consecuencias.

Comprender o concepto de Guerra Fría no contexto de despois de 1945 e as relacións entre os dous bloques, os EEUU e a URSS.

Organizar os feitos máis importantes da descolonización de posguerra no século XX e comprender os límites da descolonización e da independencia nun mundo desigual.

Entender os avances económicos dos réximes soviéticos e os perigos do seu illamento interno, así como os avances económicos do «Welfare State» en Europa.

Comprender o concepto de crise económica e a súa repercusión mundial nun caso concreto.

Explicar as causas de que se establecera unha ditadura en España tras a Guerra Civil, e como foi evolucionando esa ditadura desde 1939 a 1975.

Interpretar procesos a medio prazo de cambios económicos, sociais e políticos a nivel mundial.

Coñecer as causas e as consecuencias inmediatas do colapso da URSS e outros réximes socialistas.

Coñecer os principais feitos que conduciron ao cambio político e social en España despois de 1975, e sopesar distintas interpretacións sobre ese proceso.

Entender a evolución da construción da Unión Europea.

Definir a globalización e identificar algúns dos seus factores. Identificar algúns dos cambios fundamentais que supón a revolución tecnolóxica.

Recoñecer o impacto destes cambios a nivel local, autonómico, estatal e global, prevendo posibles escenarios máis e menos desexables de cuestións ambientais transnacionais, e discutir as novas realidades do espazo globalizado.

Recoñecer que o pasado non está «morto e enterrado», senón que determina o presente e os posibles futuros e espazos, ou inflúe neles.

Explicar as características de cada tempo histórico e certos acontecementos que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia, diferenciando períodos que facilitan o seu estudo e a súa interpretación.

Entender que os acontecementos e os procesos ocorren ao longo do tempo e á vez no tempo (diacronía e sincronía).

Utilizar o vocabulario histórico e artístico con precisión, inseríndoo no contexto adecuado.

5.- CONTIDOS E CONCRECIÓN DE ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE CONTIDOS MÍNIMOS

-Características do Antigo Réxime

-Concepto de Ilustración e identificación das principais achegas.

-As revolucións francesa e americana: causas, períodos e consecuencias.

-Identificación das ideoloxías do século XIX: liberalismo, nacionalismo, marxismo e anarquismo.

-A Revolución industrial: diferenzas da 1ª e a 2ª Revolución Industrial. A sociedade de clases.

-Significado de colonialismo e imperialismo no S.XIX. Principais países colonialistas e localización das zonas de colonización.

-Causas e consecuencias da 1ª e 2ª Guerra Mundial.

-Importancia do Tratado de Versalles.

-Características dos anos 20 en EUA e Europa.

-Concepto e características de: fascismo, nazismo, marxismo, anarquismo e comunismo.

-Causas e consecuencias da revolución bolxevique.

-Concepto de Guerra Fría.

-Causas e consecuencias da división do mundo en bloques.

-Causas e consecuencias da descolonización.

-Concepto de Terceiro Mundo. Diferenzas entre desenvolvemento e subdesenvolvemento.

B5.1. Coñecer e comprender os acontecementos, os feitos e os procesos máis importantes do período de entreguerras, e a súa conexión co presente, e estudar a xerarquía causal nas explicacións históricas sobre esta época.	B5.1.1. Analiza interpretacións diversas de fontes históricas e historiográficas de distinta procedencia.	Analiza e compara textos da prensa estadounidense e a prensa española relativos á explosión do Maine. Compara dúas visións xornalísticas sobre o bombardeo de Guernica.	CSC CAA CCL
	B5.1.3. Discute as circunstancias da loita polo sufraxio da muller.	Valora o papel da muller na Segunda República española e a consecución do dereito ao voto na Constitución de 1931.	CSC CAA CCL
B5.3. Coñecer as tensións que levaron en España á proclamación da II República e ao estoupido da Guerra Civil.	B5.3.1. Explica as principais reformas durante a II República española, e reaccións a elas.	Coñece e explica os puntos máis relevantes da Constitución de 1931 e a reacción dos españois a estes cambios constitucionais.	CSC CCL
	B5.3.2. Explica as causas da Guerra Civil española no contexto europeo e internacional.	Coñece os acontecementos máis importantes do inicio, do desenvolvemento e do final da Guerra Civil española e a axuda internacional que recibiron cada un dos bandos.	CSC CAA CCL

BLOQUE 10. A relación entre o pasado, o presente e o futuro a través da historia e a xeografía

CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	COMPETENCIAS
<p>B10.2. Explicar as características de cada tempo histórico e certos acontecementos que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia, diferenciando períodos que facilitan o seu estudo e a súa interpretación.</p>	<p>B10.2.1. Ordena temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos salientables, utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade.</p>	<p>Analiza a Guerra Civil a través de mapas e un eixe cronolóxico.</p>	<p>CSC CMCCT</p>
	<p>B10.2.2. Realiza diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos.</p>	<p>Ordena acontecementos cronoloxicamente e sitúaos nunha liña do tempo.</p>	<p>CSC CMCCT</p>

UNIDADE 9. A Guerra Fría.

Temporalización: primeiras semanas de abril

CONTIDOS		CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES
CONTIDOS CURRICULARES	CONTIDOS DA UNIDADE	
<p>BLOQUE 6. As causas e consecuencias da Segunda Guerra Mundial (1939-1945)</p> <p>Desenvolvemento da Segunda Guerra Mundial: extensión, fases, formas de guerra e principais consecuencias.</p> <p>Nova xeopolítica mundial: Guerra Fría e plans de reconstrución posbélica.</p>	<p>A xénese da Guerra Fría.</p> <p>Os bloques da Guerra Fría.</p> <p>Análise da división do mundo en bloques.</p>	<p>B6.2. Coñecer os principais feitos da Segunda Guerra Mundial, diferenciar as escalas xeográficas nesta guerra (europea e mundial) e entender o concepto de guerra total.</p> <p>B6.4. Comprender o concepto de Guerra Fría no contexto de despois de 1945, e as relacións entre os dous bloques, os EEUU e a URSS.</p>
<p>BLOQUE 7. A estabilización do Capitalismo e o illamento económico do Bloque Soviético</p> <p>Crise do petróleo (1973).</p>	<p>Dos inicios á coexistencia pacífica (1947-1953).</p> <p>Da coexistencia pacífica á crise dos mísiles (1953-1962).</p> <p>Da máxima tensión á crise (1963-1973).</p> <p>O rebrote e o final da Guerra Fría (1973-1991).</p> <p>Interpretación dunha caricatura sobre a Guerra Fría.</p> <p>Investigación sobre a carreira espacial.</p>	<p>B7.2. Comprender o concepto de crise económica e a súa repercusión mundial nun caso concreto.</p>

CONTIDOS		CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES
CONTIDOS CURRICULARES	CONTIDOS DA UNIDADE	
<p>BLOQUE 10. A relación entre o pasado, o presente e o futuro a través da historia e a xeografía</p> <p>Cambio e continuidade.</p> <p>Vocabulario histórico e artístico. Idade contemporánea.</p>	<p>Interpretación de esquemas e de liñas do tempo da Guerra Fría.</p> <p>Vocabulario histórico e artístico.</p>	<p>B10.2. Explicar as características de cada tempo histórico e certos acontecementos que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia, diferenciando períodos que facilitan o seu estudo e a súa interpretación.</p> <p>B10.4. Utilizar o vocabulario histórico e artístico con precisión, inseríndoo no contexto adecuado.</p>

BLOQUE 6. As causas e consecuencias da Segunda Guerra Mundial (1939-1945)

CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	COMPETENCIAS
B6.2. Coñecer os principais feitos da Segunda Guerra Mundial, diferenciar as escalas xeográficas nesta guerra (europea e mundial) e entender o concepto de guerra total.	B6.2.1. Elabora unha narrativa explicativa das causas e as consecuencias da Segunda Guerra Mundial, a distintos niveis temporais e xeográficos.	Vincula o inicio da Guerra Fría co final da Segunda Guerra Mundial e a imposibilidade de cooperación dos aliados vencedores que dividiu o mundo en dous bloques antagónicos.	CSC CAA CCL
B6.4. Comprender o concepto de Guerra Fría no contexto de despois de 1945, e as relacións entre os dous bloques, os EEUU e a URSS.	B6.4.1. Utilizando fontes históricas e historiográficas, explica algúns dos conflitos enmarcados na época da Guerra Fría.	Utiliza textos, caricaturas e fotografías para explicar algúns dos conflitos que sucederon na época da Guerra Fría.	CSC CAA CCL
	B6.4.2. Describe as consecuencias da guerra de Vietnam.	Estuda a guerra de Vietnam e as súas consecuencias, desde o punto de vista das perdas humanas e de como contribuíu a cambiar a imaxe que o mundo tiña de Estados Unidos.	CSC CAA CCL

BLOQUE 7. A estabilización do Capitalismo e o illamento económico do Bloque Soviético

CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	COMPETENCIAS
B7.2. Comprender o concepto de crise económica e a súa repercusión mundial nun caso concreto.	B7.2.1. Compara a crise enerxética de 1973 coa financeira de 2008.	Analiza os conflitos en Oriente Próximo que desencadearon a crise do petróleo en 1973.	CSC CAA CCL

BLOQUE 10. A relación entre o pasado, o presente e o futuro a través da historia e a xeografía

CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	COMPETENCIAS
B10.2. Explicar as características de cada tempo histórico e certos acontecementos que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia, diferenciando períodos que facilitan o seu estudo e a súa interpretación.	B10.2.2. Realiza diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos.	Ordena acontecementos cronoloxicamente e sitúaos nunha liña do tempo.	CSC CMCCT
B10.4. Utilizar o vocabulario histórico e artístico con precisión, inseríndoo no contexto adecuado.	B10.4.1. Utiliza con fluidez e precisión o vocabulario histórico e artístico necesario.	Coñece o significado de termos históricos e artísticos e emprégao axeitadamente.	CSC CCL

UNIDADE 10. A descolonización e o Terceiro Mundo

Temporalización: segunda semana de abril.

CONTIDOS		CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES
CONTIDOS CURRICULARES	CONTIDOS DA UNIDADE	
<p>BLOQUE 6. As causas e consecuencias da Segunda Guerra Mundial (1939-1945)</p> <p>Orixes da Segunda Guerra Mundial.</p> <p>Desenvolvemento da Segunda Guerra Mundial: extensión, fases, formas de guerra e principais consecuencias.</p> <p>Procesos de descolonización en Asia e África.</p>	<p>A descolonización.</p> <p>A descolonización de Asia e Oceanía.</p> <p>Oriente Próximo.</p> <p>A descolonización de África.</p> <p>O nacemento do Terceiro Mundo.</p> <p>Interpretación de caricaturas sobre a descolonización.</p> <p>Valoración da muller no mundo menos desenvolvido.</p> <p>Elaboración dun informe sobre a relación entre colonialismo e subdesenvolvemento.</p>	<p>B6.1. Coñecer as causas da Segunda Guerra Mundial.</p> <p>B6.2. Coñecer os principais feitos da Segunda Guerra Mundial, diferenciar as escalas xeográficas nesta guerra (europea e mundial) e entender o concepto de guerra total.</p> <p>B6.5. Organizar os feitos máis importantes da descolonización de posguerra no século xx e comprender os límites da descolonización e da independencia nun mundo desigual”.</p>
<p>BLOQUE 10. A relación entre o pasado, o presente e o futuro a través da historia e a xeografía</p> <p>Cambio e continuidade.</p> <p>Tempo histórico.</p> <p>Vocabulario histórico e artístico. Idade contemporánea.</p>	<p>Interpretación de esquemas e de liñas do tempo do século xviii.</p> <p>O conflito árabe-israelí.</p> <p>Vocabulario histórico e artístico.</p>	<p>B10.2. Explicar as características de cada tempo histórico e certos acontecementos que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia, diferenciando períodos que facilitan o seu estudo e a súa interpretación.</p> <p>B10.3. Entender que os acontecementos e os procesos ocorren ao longo do tempo e á vez no tempo (diacronía e sincronía).</p> <p>B10.4. Utilizar o vocabulario histórico e artístico con precisión, inseríndoo no contexto adecuado.</p>

BLOQUE 6. As causas e consecuencias da Segunda Guerra Mundial (1939-1945)

CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	COMPETENCIAS
B6.1. Coñecer as causas da Segunda Guerra Mundial.	B6.1.1. Recoñece a xerarquía causal (diferente importancia dunhas causas ou outras segundo as narrativas).	Relaciona a creación do estado de Israel co aumento da inmigración a Palestina, dos xudeus que fuxían do réxime nazi.	CSC CAA
B6.2. Coñecer os principais feitos da Segunda Guerra Mundial, diferenciar as escalas xeográficas nesta guerra (europea e mundial) e entender o concepto de guerra total.	B6.2.3. Elabora unha narrativa explicativa das causas e as consecuencias da Segunda Guerra Mundial, a distintos niveis temporais e xeográficos.	Explica o comezo do proceso de descolonización como consecuencia da Segunda Guerra Mundial.	CSC CAA CCL
B6.5. Organizar os feitos máis importantes da descolonización de posguerra no século xx e comprender os límites da descolonización e da independencia nun mundo desigual”.	B6.5.1. Describe os feitos relevantes do proceso descolonizador.	Explica os feitos máis importantes do proceso de descolonización en Asia, Oceanía e África.	CSC CLL
	B6.5.2. Distingue entre contextos diferentes do mesmo proceso, por exemplo, África subsahariana (anos 50 e 60) e a India (1947).	Estuda o fenómeno do apartheid en Sudáfrica que diferencia o período descolonizador neste país co resto do continente africano.	CSC CAA

BLOQUE 10. A relación entre o pasado, o presente e o futuro a través da historia e a xeografía

CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	COMPETENCIAS
B10.2. Explicar as características de cada tempo histórico e certos acontecementos que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia, diferenciando períodos que facilitan o seu estudo e a súa interpretación.	B10.2.1. Ordena temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos salientables, utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade.	Elabora unha liña do tempo sobre o conflito árabe-israelí.	CSC CMCCT
	B10.2.2. Realiza diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos.	Ordena acontecementos cronoloxicamente e sitúaos nunha liña do tempo.	CSC CMCCT
B10.3. Entender que os acontecementos e os procesos ocorren ao longo do tempo e á vez no tempo (diacronía e sincronía).	B10.3.1. Entende que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos.	Interpreta o texto sobre o nacemento do Estado de Israel e explica as guerras e enfrontamentos que houbo entre israelís e palestinos desde 1948.	CSC CMCCT
B10.4. Utilizar o vocabulario histórico e artístico con precisión, inseríndoo no contexto adecuado.	B10.4.1. Utiliza con fluidez e precisión o vocabulario histórico e artístico necesario.	Coñece o significado de termos históricos e artísticos e emprégaos axeitadamente.	CSC CCL

UNIDADE 11. O mundo desde 1945 ata a actualidade

Temporalización: primeiras semanas de maio.

CONTIDOS		CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES
CONTIDOS CURRICULARES	CONTIDOS DA UNIDADE	
<p>BLOQUE 7. A estabilización do Capitalismo e o illamento económico do Bloque Soviético</p> <p>Evolución dos bloques soviético e capitalista. O "Welfare State".</p>	<p>Europa occidental: democracia e cambio social.</p> <p>Estados Unidos, unha gran potencia.</p> <p>Europa do Leste: a URSS e as democracias populares.</p> <p>A desaparición do bloque comunista.</p> <p>Comparación do mapa de Europa en 1988 co da Europa actual.</p> <p>A revolución da muller.</p>	<p>B7.1. Entender os avances económicos dos réximes soviéticos e os perigos do seu illamento interno, así como os avances económicos do "Welfare State" en Europa.</p>
<p>BLOQUE 8. O mundo recente entre os séculos xix e xxi</p> <p>Formas económicas e sociais do capitalismo no mundo.</p> <p>Colapso dos réximes soviéticos e as súas consecuencias.</p> <p>Camiño cara á Unión Europea: desde a unión económica a unha futura unión política supranacional.</p>	<p>A Unión Europea, unha iniciativa orixinal.</p> <p>O desenvolvemento de Asia oriental.</p> <p>Tensións e conflitos en América Latina.</p> <p>A Cuba castrista.</p> <p>Tensións e conflitos en Asia e África.</p> <p>As potencias emerxentes no século xxi.</p> <p>O mundo islámico, un espazo en tensión.</p> <p>Análise dun gráfico sobre a procedencia dos refuxiados</p>	<p>B8.1. Interpretar procesos a medio prazo de cambios económicos, sociais e políticos a nivel mundial.</p> <p>B8.2. Coñecer as causas e as consecuencias inmediatas do colapso da URSS e outros réximes socialistas.</p> <p>B8.4. Entender a evolución da construción da Unión Europea.</p>
<p>BLOQUE 9. A Revolución Tecnolóxica e a Globalización a finais do século xx e principios do xxi</p> <p>A globalización económica: concepto e características.</p> <p>Papel da Revolución Tecnolóxica na globalización.</p>	<p>O mundo actual: un mundo globalizado.</p> <p>Análise da influencia da globalización na nosa vida diaria.</p>	<p>B9.1. Definir a globalización e identificar algúns dos seus factores.</p> <p>B9.2. Identificar algúns dos cambios fundamentais que supón a Revolución Tecnolóxica.</p> <p>B9.3. Recoñecer o impacto destes cambios a nivel local, autonómico, estatal e global, prevendo posibles escenarios máis e menos desexables de cuestións</p>

Consecuencias da globalización. Relacións internacionais, focos de conflito.		ambientais transnacionais, e discutir as novas realidades do espazo globalizado.
--	--	--

CONTIDOS		CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES
CONTIDOS CURRICULARES	CONTIDOS DA UNIDADE	
<p>BLOQUE 10. A relación entre o pasado, o presente e o futuro a través da Historia e a Xeografía</p> <p>Relación entre o pasado, o presente e o futuro a través da historia e a xeografía.</p> <p>Cambio e continuidade.</p> <p>Tempo histórico.</p> <p>Vocabulario histórico e artístico. Idade contemporánea.</p>	<p>Retos e problemas do século xxi.</p> <p>Interpretación de esquemas e de liñas do tempo do século xxi.</p> <p>O mundo islámico.</p> <p>Vocabulario histórico e artístico.</p>	<p>B10.1. Recoñecer que o pasado “non está morto e enterrado”, senón que determina o presente e os posibles futuros e espazos, ou inflúe neles.</p> <p>B10.2. Explicar as características de cada tempo histórico e certos acontecementos que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia, diferenciando períodos que facilitan o seu estudo e a súa interpretación.</p> <p>B10.3. Entender que os acontecementos e os procesos ocorren ao longo do tempo e á vez no tempo (diacronía e sincronía).</p> <p>B10.4. Utilizar o vocabulario histórico e artístico con precisión, inseríndoo no contexto adecuado.</p>

BLOQUE 7. A estabilización do Capitalismo e o illamento económico do Bloque Soviético

CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	COMPETENCIAS
<p>B7.1. Entender os avances económicos dos réximes soviéticos e os perigos do seu illamento interno, así como os avances económicos do "Welfare State" en Europa.</p>	<p>B7.1.1. Explica os avances dos réximes soviéticos e do "Welfare State" en Europa.</p>	<p>Analiza a creación do Estado do Benestar en Europa e a súa posterior evolución.</p>	<p>CSC CAA CCL</p>
	<p>B7.1.2. Recoñece os cambios sociais derivados da incorporación da muller ao traballo asalariado.</p>	<p>Estuda a incorporación da muller ao traballo e os movementos feministas desde os anos 60 ata os nosos días</p>	<p>CSC</p>

BLOQUE 8. O mundo recente entre os séculos xx e xxi

CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	COMPETENCIAS
B8.1. Interpretar procesos a medio prazo de cambios económicos, sociais e políticos a nivel mundial.	B8.1.1. Interpreta o renacemento e o declive das nacións no novo mapa político europeo desa época.	Compara o mapa de Europa de 1988 co actual e analiza a orixe e evolución dos novos países.	CSC CAA
	B8.1.2. Comprende os proles e contras do estado do benestar.	Define o estado de benestar e como inflúe nel a evolución da economía e da sociedade.	CSC
B8.2. Coñecer as causas e as consecuencias inmediatas do colapso da URSS e outros réximes socialistas.	B8.2.1. Analiza diversos aspectos políticos, económicos e culturais dos cambios producidos tralo colapso da URSS.	Estuda a evolución da URSS ata a súa desintegración e as revolucións democráticas da Europa do Leste.	CSC CAA CCL
B8.4. Entender a evolución da construción da Unión Europea.	B8.4.1. Discute sobre a construción da Unión Europea e do seu futuro.	Analiza a Unión Europea desde o nacemento da CEE e a súa posterior evolución, analizando as sucesivas incorporacións e os retos que se lle expoñen para o futuro.	CSC CAA CCL

BLOQUE 9. A Revolución Tecnolóxica e a Globalización a finais do século xx e principios do xxi

CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	COMPETENCIAS
B9.1. Definir a globalización e identificar algúns dos seus factores.	B9.1.1. Procura na prensa novas dalgún sector con relacións globalizadas, e elabora argumentos a favor e en contra.	Comprende o concepto de globalización e analiza as vantaxes e os inconvenientes de vivir nun mundo globalizado.	CSC CD CCL CAA CSIEE

<p>B9.2. Identificar algúns dos cambios fundamentais que supón a Revolución Tecnolóxica.</p>	<p>B9.2.1. Analiza algunhas ideas de progreso e retroceso na implantación das recentes tecnoloxías da información e da comunicación, a distintos niveis xeográficos.</p>	<p>Analiza as vantaxes e os perigos de Internet no ámbito profesional como persoal.</p>	<p>CSC CSS CCL CD</p>
<p>B9.3. Recoñecer o impacto destes cambios a nivel local, autonómico, estatal e global, prevendo posibles escenarios máis e menos desexables de cuestións ambientais transnacionais, e discutir as novas realidades do espazo globalizado.</p>	<p>B9.3.1. Crea contidos que inclúen recursos como textos, mapas e gráficos, para presentar algún aspecto conflitivo das condicións sociais do proceso de globalización.</p>	<p>Realiza unha presentación oral na clase en que explica como inflúe a globalización na nosa vida diaria.</p>	<p>CSC CD CAA CCL CMCCT CSIEE</p>

BLOQUE 10. A relación entre o pasado, o presente e o futuro a través da Historia e a Xeografía

CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	COMPETENCIAS
B10.1. Recoñecer que o pasado “non está morto e enterrado”, senón que determina o presente e os posibles futuros e espazos, ou inflúe neles.	B10.1.1. Formula posibles beneficios e desvantaxes para as sociedades humanas e para o medio natural dalgúns consecuencias do quecemento global, como o desxeamento do Báltico.	Analiza algúns problemas ambientais como a sobreexplotación do planeta e o cambio climático explicando como poden influír na vida cotiá.	CSC CMCCT CAA CCL
B10.2. Explicar as características de cada tempo histórico e certos acontecementos que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia, diferenciando períodos que facilitan o seu estudo e a súa interpretación.	B10.2.2. Realiza diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos.	Ordena acontecementos cronoloxicamente e sitúaos nunha liña do tempo.	CSC CMCCT
B10.3. Entender que os acontecementos e os procesos ocorren ao longo do tempo e á vez no tempo (diacronía e sincronía).	B10.3.1. Entende que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos.	Analiza en que rexións predomina a relixión islámica e o seu tipo de goberno.	CSC CMCCT
B10.4. Utilizar o vocabulario histórico e artístico con precisión, inseríndoo no contexto adecuado.	B10.4.1. Utiliza con fluidez e precisión o vocabulario histórico e artístico necesario.	Coñece o significado de termos históricos e artísticos e emprégao axeitadamente.	CSC CCL

UNIDADE 12. España da ditadura á democracia

Temporalización: últimas semanas de maio /xuño.

CONTIDOS		CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES
CONTIDOS CURRICULARES	CONTIDOS DA UNIDADE	
<p>BLOQUE 7. A estabilización do Capitalismo e o illamento económico do Bloque Soviético</p> <p>Ditadura de Franco en España.</p>	<p>Os primeiros anos do franquismo (1939-1949).</p> <p>Afianzamento do réxime e desarrollismo (1950-1973).</p> <p>O final da ditadura (1973-1975).</p> <p>Galicia no franquismo.</p> <p>A vida cotiá no franquismo.</p> <p>A resistencia dos maquis.</p>	<p>B7.3. Explicar as causas de que se establecera unha ditadura en España tras a Guerra Civil, e como foi evolucionando esa ditadura desde 1939 a 1975.</p>
<p>BLOQUE 8. O mundo recente entre os séculos XX e XXI</p> <p>Formas económicas e sociais do capitalismo no mundo.</p> <p>Transición política en España: da ditadura á democracia (1975-1982).</p>	<p>Unha transición sen ruptura.</p> <p>A Constitución de 1978 e o Estado das Autonomías.</p> <p>Os gobernos do PSOE (1982-1996).</p> <p>A alternancia PP-PSOE (1996-2015).</p> <p>Cambios económicos e sociais na España democrática.</p> <p>Galicia na actualidade.</p> <p>Análise da Constitución de 1978.</p> <p>Un vídeo sobre a España actual.</p>	<p>B8.1. Interpretar procesos a medio prazo de cambios económicos, sociais e políticos a nivel mundial.</p> <p>B8.3. Coñecer os principais feitos que conduciron ao cambio político e social en España despois de 1975, e sopesar distintas interpretacións sobre ese proceso.</p>
<p>BLOQUE 10. A relación entre o pasado, o presente e o futuro a través da historia e a xeografía</p> <p>Cambio e continuidade.</p> <p>Vocabulario histórico e artístico. Idade contemporánea.</p>	<p>Interpretación de esquemas e de liñas do tempo.</p> <p>Vocabulario histórico e artístico.</p>	<p>B10.2. Explicar as características de cada tempo histórico e certos acontecementos que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia, diferenciando períodos que facilitan o seu estudo e a súa interpretación.</p> <p>B10.4. Utilizar o vocabulario histórico e artístico con precisión, inseríndoo no contexto adecuado.</p>

BLOQUE 7. A estabilización do Capitalismo e o illamento económico do Bloque Soviético

CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	COMPETENCIAS
<p>B7.3. Explicar as causas de que se establecera unha ditadura en España tras a Guerra Civil, e como foi evolucionando esa ditadura desde 1939 a 1975.</p>	<p>B7.3.1. Coñece a situación da posguerra e a represión en España, así como as fases da ditadura de Franco.</p>	<p>Estuda a España da posguerra e as diferentes fases polas que pasou a ditadura de Franco desde 1939 ata 1975.</p>	<p>CSC</p>
	<p>B7.3.2. Discute como se entende en España e en Europa o concepto de memoria histórica.</p>	<p>Investiga en Internet e explica o contido da Lei da Memoria Histórica.</p>	<p>CSC CAA CCL</p>

6.- CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

Traballar de xeito competencial na aula supón un cambio metodolóxico importante; o docente pasa a ser un xestor de coñecemento do alumnado e o alumno ou a alumna adquire un maior grao de protagonismo.

En concreto, na área de Xeografía e Historia:

Necesitamos adestrar de xeito sistemático os procedementos que conforman a estrutura da materia. Se ben a finalidade da área é adquirir coñecementos esenciais que se inclúen no currículo básico. O alumnado deberá desenvolver actitudes conducentes á reflexión e análise sobre os grandes feitos históricos, as súas vantaxes e as implicacións éticas que en ocasións consideran. Para iso necesitamos certo grao de **adestramento individual e traballo reflexivo** de procedementos básicos da materia: a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a argumentación en público e a comunicación audiovisual.

Nalgúns aspectos da área, o **traballo en grupo colaborador** achega, ademais do adestramento de habilidades sociais básicas e enriquecemento persoal desde a diversidade, unha ferramenta perfecta para discutir e afondar en contidos dese aspecto.

Por outro lado, cada alumno parte dunhas potencialidades que definen as súas intelixencias predominantes, enriquecer as tarefas con actividades que se desenvolvan desde a **teoría das intelixencias múltiples** facilita que todos os escolares poidan chegar a comprender os contidos que pretendemos adquirir para o desenvolvemento dos obxectivos de aprendizaxe.

Na área de Xeografía e Historia é indispensable a **vinculación a contextos reais**, así como xerar posibilidades de aplicación dos contidos adquiridos. Para iso, as tarefas competenciais facilitan este aspecto, que se podería complementar con proxectos de aplicación dos contidos.

7.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Os materiais cos que profesorado e alumnado traballarán nesta materia son os seguintes:

Libro de texto: Historia. Serie Descubre. Proxecto Saber Facer. Ed. Santillana.
Mapas, textos, gráficas e fotografías de carácter histórico.

Un caderno de tamaño A4 ou un clasificador para realizar as tarefas escritas: esquemas, resúmenes, actividades, etc.

Material audiovisual relacionado coa historia.

Na aula dispónse de ordenador e proxector, con conexión a internet.

Internet e material dixital.

8.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

Criterios de cualificación

A cualificación da materia obtense segundo a seguinte fórmula:

$$\text{CUALIFICACIÓN} = (\text{Probos escritos} \times 0,8) + (\text{Actividades} \times 0,1) + (\text{Actitude} \times 0,1)$$

As cualificacións aparecerán nunha escala numérica sen decimais do 1 ó 10, sendo o número enteiro o número da cualificación (isto é, entre 5,00 e 5,99 a cualificación é de 5). No caso de realizarse máis dunha proba por avaliación farase a media ponderada. No caso de que un alumno ou alumna non acade unha avaliación positiva na avaliación ordinaria e teña que ser examinado na extraordinaria, será cualificado por unha proba escrita que conformará o 100% da súa cualificación final.

Dentro das **actividades** terase en conta o seguinte:

- A cualificación das actividades é a media ponderada de todas as actividades realizadas durante o trimestre.
- A non realización dunha actividade, tanto na aula como no caderno, pódese reflexar na ficha de aula como un negativo.

–Ao final do trimestre revisaranse os cadernos e a participación na Aula Virtual.

Dentro da **actitude** terase en conta o seguinte:

– O respecto ás normas da clase, o cumprimento do Protocolo COVID-19 e a curiosidade e interese pola materia.

Instrumentos de avaliación e criterios de corrección e puntuación

Un **instrumento de avaliación** é todo o que vale para avaliar ó alumnado. Para avaliar a materia poderán utilizarse os seguintes instrumentos, que dividiremos en tarefas e exames:

TAREFAS

- Actividades realizadas polo alumnado durante a actividade diaria e recollidas no caderno de clase ou portfolio dixital.
- Traballos de investigación e confección de catálogos ou fichas, individuais ou en grupo. Terase en conta a calidade dos proxectos, a variedade das fontes, o rigor científico, a entrega no prazo indicado, a capacidade de análise e síntese e a capacidade crítica.

* Dada a experiencia durante o terceiro trimestre do curso 2019/2020, en canto aos traballos feitos en grupo ou individualmente, ou o traballo na aula (ou casa), toda produción ou traballo entregado polo alumnado que presente indicios de ser copiado ou de elaboración non propia levará unha cualificación de cero (O).

EXAMES

- Preguntas curtas e de tipo tema.
- Cuestionarios orais e escritos de mapas físicos e políticos (Galicia, España e os continentes). Terase en conta a capacidade discursiva, o rigor científico e a linguaxe empregada
- Comentarios e preguntas sobre gráficos, mapas e imaxes das obras de arte máis características de cada período.

Os criterios de corrección e puntuación é o modo no que se corríxen ditos instrumentos. Tendo en conta que o criterio de corrección é “como corríxo” e que os criterios de puntuación son “como puntuo” (canto vale cada pregunta nunha proba, que aparecerá indicado na mesma e para que o disporán dos 50 minutos de clase), o departamento de Xeografía e Historia considera imprescindible á hora de cualificar unha proba a elaboración dun indicador de logro ou rúbrica para cada un dos estándares de aprendizaxe. Con este referente pódese avaliar a corrección na contestación, o axuste ao enunciado, sen divagacións. Valorarase segundo a

rúbrica ou grupo de rúbricas todos os instrumentos de avaliación. Ademais descontarase 0,25 por cada cinco faltas de ortografía.

Os intentos de engano, fraude ou copia na realización dunha proba implican que o alumno ou alumna acade a nota mínima na mesma.

Os elementos restantes (criterios e estándares) son prescriptivos.

Promoción, recuperación e avaliación continua

A LOMCE recórdanos que a avaliación na ESO debe ser continua e diferenciada por materias. Tendo en conta isto establécese o seguinte:

Se un alumno ou alumna non acada unha cualificación positiva nunha avaliación poderá presentarse a unha **recuperación** ao final do derradeiro trimestre. Ao final do curso, en xuño, haberá unha recuperación final na que os que teñan algunha avaliación suspensa poderán examinarse dela. O alumno ou alumna debe acadar polo menos un 5 para superala.

A cualificación final será a media das tres avaliacións sempre e cando sexa igual ou superior á acadada no terceiro trimestre.

Considérase que **promocionará** ao seguinte curso na materia de Xeografía e Historia o alumnado que acade unha cualificación mínima de 5 puntos ao facer media das tres avaliacións. Para calcular esta media é requisito imprescindible ter aprobadas as tres avaliacións antes da avaliación final de xuño. Así mesmo, promocionarán todos aqueles que en setembro consigan unha nota mínima de 5 puntos na convocatoria extraordinaria, atendendo aos criterios específicos que se detallan a continuación.

Aquel alumnado que suspenda a materia na convocatoria de xuño terá que presentarse á proba extraordinaria de **setembro** e será cualificado por unha proba escrita que conformará o **80% da súa cualificación global** tendo que presentar o caderno de actividades propostas no Plan Estival como medida de reforzo e recuperación. Este caderno será valorado con ata o **20% da cualificación global**.

Finalmente, cómpre sinalar que os procedementos indicados poderán ser realizados, tanto de maneira presencial como virtual, dependendo dos distintos escenarios que establezan as autoridades sanitarias e educativas (presencial, semipresencial e/ou non presencial).

9.- AVALIACIÓN INICIAL

Realizarase unha proba de coñecementos previos nas primeiras semanas de clase, co obxectivo de dar luz sobre o nivel dos alumnos, e desta maneira poder descubrir casos que precisen dunha mellor atención. Así como coñecer o nivel medio, para establecer estratexias educativas adaptadas a cada grupo; por iso a proba debe ser persoal e individual pero non cualificable na nota das avaliacións, os resultados son unicamente orientativos, e influirán nos métodos aplicables na docencia a nivel xeral, na selección de alumnos para actividades de reforzo ou apoio, e para identificar casos nos que fose necesario elaborar unha adaptación curricular.

Ademais levaremos a cabo as seguintes accións: a) Análise dos informes de avaliación individualizados do curso anterior. b) Detección das aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso 2019/2020, así como a súa correspondencia coa falta do desenvolvemento das correspondentes competencias clave.

Neste período inicial, mediante observación directa nas clases, tamén se recollerá información das peculiaridades da forma de aprender de cada alumno/a (habilidades, estratexias e destrezas desenvolvidas, é dicir, manexo de procedementos) así como información sobre o grao de integración social do alumno/a (consigo mesmo, cos compañeiros e compañeiras e co profesorado). A partir da avaliación inicial, e sempre que se considerase necesario, faranse axustes curriculares no desenvolvemento da materia, de maneira que o alumnado recupere as aprendizaxes imprescindibles non adquiridos no curso 2019/2020, e se garanta a consolidación, adquisición, reforzo ou apoio das mesmas.

10.- INDICADORES DE LOGRO PARA A AVALIACIÓN DO PROCESO DO ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE

A resposta das seguintes **preguntas servirá para reflexionar sobre a miña actuación** cos alumnos.

Aspectos do proceso de ensino e da práctica docente a valorar		1	2	3	4	5
Os alumnos	De forma individual					

traballan da seguinte maneira	Por parellas					
	En pequeno grupo					
	En gran grupo					
Os exercicios que propono son do seguinte tipo	Cerrados e ríxidos (do libro)					
	Abertos, procedimentais, proxectos					
	Facilitan o traballo cooperativo					
Na metodoloxía que aplico	Utilizo ferramentas TIC					
	Facilito o aprendizaxe autónomo					
	Baséome nas explicacións teóricas do libro					
Como paso as horas lectivas?	Pedindo silencio					
	Impartindo teoría e explicacións					
	Guiando ós alumnos no seu traballo					
	Observando					
	Correxindo					
Grao de motivación do alumnado						
Grao de participación das familias						

Indicadores de logro para avaliar a programación didáctica.

A resposta das seguintes preguntas servirá para reflexionar sobre a funcionalidade desta programación:

Aspectos da programación a valorar	1	2	3	4	5
Adecuación dos materiais utilizados					
Adecuación da planificación					
Medidas de atención á diversidade					
Uso das TIC					

Inclusión de temas transversais					
Actividades de carácter interdisciplinar					

11.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Trala avaliación inicial, e os primeiros días ou semanas, e cos informes existentes, a axuda da orientadora e dos diferentes profesores do nivel, iranse detectando os alumnos que precisen medidas especiais como agrupamento, reforzo, apoio, adaptación curricular, ou simplemente unha atención máis persoal e individualizada.

12.- ELEMENTOS TRANSVERSAIS

En cada unha das unidades didácticas descritas nesta programación foise facendo referencia ao tratamento concreto dunha serie de aspectos transversais. Polo tanto agora non queda máis que facer un resume global, e en conxunto, deses temas respecto da globalidade da materia. Xa que logo estes son os temas transversais e a súa presenza e tratamento na programación de Xeografía e Historia de 4º ESO.

1) COMPRENSIÓN LECTORA:

Fundamentalmente proporase en cada unidade didáctica a lectura dun texto relacionado cos contidos a traballar. Asemade nalgúns casos pedirase a elaboración de redaccións sobre algún dos aspectos tratados no tema.

A lectura dos textos será individual, pero tamén en grupo. Ao remate da mesma proporase a realización de debates coa finalidade de avaliar a comprensión do texto.

2) EXPRESIÓN ORAL E ESCRITA:

En relación co aspecto anterior e complementándoo, propórase a redacción de textos e a exposición oral de traballos sobre eses textos ou outros distintos. En todo caso cada un deles relacionado coa materia explicada.

3) COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL:

Xunto coas novas tecnoloxías e un aspecto moi importante no traballo na clase. Aproveitando os fondos audiovisuais cos que conta o centro, máis aqueles outros aos que se pode acceder por internet, as explicacións do libro de texto e do material escrito co que se traballa, complementarase co visionado de películas, documentais e/ou reportaxes sobre os temas obxecto de estudo.

4) TRATAMENTO DAS TIC:

Van ser un aspecto moi importante desde o punto de vista metodolóxico porque

supoñen unha ferramenta moi importante, non só para a procura de información ou para a adquisición de materiais audiovisuais existente na Rede, senón tamén para a elaboración de traballos, presentación, gráficas mediante o uso das novas tecnoloxías. Así permitirase ao alumnado o coñecemento de programas informáticos útiles para traballar cos materiais de historia.

5) EMPRENDEMENTO:

Con este tema transversal o que se busca é conseguir que o alumnado se mostre interesado por aquelas actividades que poñan de manifesto a súa capacidade creativa e innovadora á hora de levar a cabo proxectos emprendedores en relación coa historia.

6) EDUCACIÓN CÍVICA E CONSTITUCIONAL:

O estudo da historia permite achegarse ao coñecemento doutras culturas distintas, xa no tempo, xa no espazo, polo que o alumnado aprende normas cívicas, de comportamento e sobre todo o respecto pola cultura diferente da propia e polos dereitos dos demais. Así

pois é un valor importante a transmitir a través do coñecemento histórico, que en ningún caso pode quedar de lado.

13.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

As actividades planificadas para este curso neste nivel educativo na materia de Xeografía e Historia son as seguintes:

Debido á situación actual non está prevista ningunha actividade extraescolar, en cambio si que poderemos aproveitar algunha actividade complementaria que se organice no centro e que teña relación cos contidos desta materia.

14.- MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PDA

O seguimento, avaliación e, se é o caso, modificación desta programación, farase nas reunións do departamento. Principalmente nas que se celebren a comezos de trimestre, nelas, ademais de valorar os resultados académicos do alumnado, observarase o cumprimento dos contidos e demais aspectos programados, para que, de ser preciso, proceder ás modificacións requiridas.

Polo tanto, a revisión da programación didáctica é un proceso de seguimento continuo, coa finalidade de permitir calquera modificación sen ter que esperar ao final do curso. Está claro que calquera modificación será comunicada ao alumnado para que teñan coñecemento dela. Con todo, ao remate do curso o departamento fará unha avaliación final da programación que pasará a estar recollida na memoria final.